



Ich Hermannus Künig von Vach
Mit gottes hulff wil mach
Eyn kleyne buchelyn
Das sal sant Jacobs strasz genant syn
Dar inne ich wil leren wege vnd stege
Vnd wie syner eyn iglicher iacobs bruder sal p flegē
Mit trincken vnd auch mit essen
Auch wil ich dar inne nicht vergessen
Wäncherley bößheit die die kappün triben

A PEREGRINAXE E O CAMIÑO A SANTIAGO

Hermannus Künig de Vach

Traducido e anotado por K. Herbers e R. Plötz

Versión galega de X. M. García Álvarez

A PEREGRINAXE E O CAMIÑO A SANTIAGO
DE HERMANNUS KÜNIG DE VACH,
A “CLÁSICA” GUÍA DE PEREGRINOS ALEMANA (1495)

Traducido e anotado por K. Herbers e R. Plötz

Versión galega de X. M. García Álvarez



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Santiago de Compostela
1999

Künig de Vach, Hermannus

A peregrinaxe e o camiño a Santiago de Hermannus Künig de Vach: a clásica guía de peregrinos alemana (1495) / traducido e anotado por K. Herbers e R. Plötz ; versión galega de X. M. García Álvarez . – Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega , 1999 . – 84 p. ; 24 cm.

DL: C-308-99 . – ISBN 84-87172-40-7

1. Camiño de Santiago 2. Peregrinacións

I. Herbers, K., tr. II. Plötz, R., tr. III. García Álvarez, X. M., tr. IV. Título V. Consello da Cultura Galega, ed.

910.4 (460.111-25)

Edita

© Consello da Cultura Galega

ISBN

84-87172-40-7

Depósito Legal: C-308-99

Imprime:

PLANA, S.L. - Santiago

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	9
2. FACSIMILE DA EDICIÓN MÁIS ANTIGA	21
3. VERSIÓN GALEGA	43
ÍNDICE TOPONÍMICO E ONOMÁSTICO	69
BIBLIOGRAFÍA	77

1. Introducción: Xénese, linguaxe, transmisión e difusión

O opúsculo de Hermann König é, máis que relato dunha viaxe, unha guía de peregrinos que pretende ofrecerlles a tódolos que teñan a vontade de poñerse en camiño consello e axuda para unha peregrinaxe a Santiago de Compostela.

Ben é certo que tampouco é moi doada de traza-la fronteira entre unha guía e un relato de viaxes¹, pois nas obras de referencia mestúranse a miúdo experiencias propias do camiñante con indicacións e consellos para os peregrinos que o han de seguir. Moitas guías de peregrinos foron integradas tamén no corpo de relacións de viaxes sen seren transmitidas por ningunha vía independente: vallan a modo de exemplo as tan citadas descrições do Camiño (Itinerarios)² engadidas tamén ós relatos de viaxes a Compostela, nas que os lugares visitados e as distancias son repertoriados con claridade. O itinerario de Bruxas³ fai un elenco de etapas do Camiño; Nompar de Caumont só en poucos casos completou as súas escasas informacións sobre lugares e distancias en leguas con algúns datos de carácter práctico⁴. A guía de peregrinos de Hermann König inclúese tamén na tradición destes itinerarios; recolle lugares, distancias e posibilidades de pousada, pero ampliando estas listas con outras informacións útiles e presentándoo todo en forma rimada.

Os itinerarios son coñecidos xa dende a Antigüidade. Orixinalmente, na Roma antiga, estaban concibidos principalmente para obxectivos militares; dende a Alta Idade Media aparecen en forma de listas ou mapas, formando parte frecuentemente doutras fontes⁵. Acadaron celebridade o itinerario de Exeria, de arredor do ano 400, o do monxe franco Bernardo, do século IX, e, así mesmo, a conversa ficticia, integrada nos *Annales Stadenses*, do século XIII, sobre os diferentes camiños que levaban a

¹ V., por exemplo, consideracións sobre a definición en: Richard, *Récits de voyage*, pp. 14-23; Herbers, “Pilgerführer”, en: *Lexikon des Mittelalters*, IV, col. 2156 (con bibliografía).

² Como exemplo, en Nompar de Caumont, Sebald Rieter, Arnold von Harff ou Sebald Örtel; v. as indicacións nos capítulos respectivos de Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*, pp. 55-67, 68-77, 210-228, 235-247.

³ E.T. Hamy, *Le livre de la description*, pp. 157-217; v. ib. sobre outras edicións.

⁴ Nompar de Caumont, “Voiatge”, ed. Vielliard, pp. 133-140; v. cap. 4.2 de Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*.

⁵ Cfr. A. Heit, “Itinerar”, en: *Lexikon des Mittelalters*, V, col. 772-775 (con máis bibliografía).

Roma⁶. A este conxunto hanse de engadir tamén versións cartográficas: a *Tabula Peutingeriana* é a copia dun mapa de estradas romano do século IV feita probablemente no século XIII. A partir de finais do século XV os itinerarios foron pasados máis a miúdo á forma cartográfica; é especialmente coñecido o mapa do camiño romano de arredor de 1500, creación probable do constructor de compases, astrónomo e médico de Nuremberg Erhard Etzlaub⁷. A carón das descrições de itinerarios de importancia para toda clase de viaxeiros había, especificamente para peregrinos, informacións sobre os lugares santos en cada unha das metas; neste contexto, na Baixa Idade Media -e de xeito especial para as metas de peregrinaxe de Roma e Xerusalén- pasaron a un primeiro plano as indulxencias que en cada caso se podían gañar⁸. A famosa guía de peregrinos a Santiago de Compostela, do século XIII, o libro quinto do *Liber Sancti Jacobi*, reúne ámbalas dúas tradicións: fai mención das vías e das etapas ata Compostela e, nun capítulo específico, describe polo miúdo a meta da peregrinaxe coa súa catedral e as institucións que lle eran propias⁹.

Á hora de situa-lo opúsculo de Hermann König dentro do corpo das tradicións existentes, chama a atención o feito de que, de xeito especial, a descripción do Camiño, incluíndo as distancias e as posibilidades de aloxamento -o itinerario-, ocupa o espacio maior. König só lle dedica á meta unhas poucas liñas. En Compostela tampouco había un número tan elevado de lugares santos como en Roma ou en Xerusalén, de maneira que, case xa de modo natural, o Camiño tiña que estar máis no primeiro plano. Os títulos das diferentes edicións do itinerario de Hermann König subliñan fortemente esta orientación.

A Konrad Häbler pertencelle o mérito da recollida das distintas edicións desta obra única e o de facer accesible, como facsímile, por vez primeira, á fin do século pasado, a edición indubidablemente máis antiga, a de arredor do ano 1495¹⁰. Só esta edición, que aquí tomamos tamén como referencia básica, contén un colofón final (versos 640-652), que, ademais da alusión á data de redacción, día de Santa Ana (26 de xullo) de 1495, leva polo menos dúas referencias ó autor¹¹. Así, Hermann König pertencía á orde dos

⁶ Estes primeiros itinerarios pódense consultar en: *Itineraria et alia Geographica* (Corpus Christianorum, 175; Turnhout, 1965); *Itinerarium Bernardi monachi Franci* (ed. T. Tobler / A. Moliner, *Itineraria Hierosolymitana et descriptiones Terrae Sanctae*, Xenebra, 1879); Alberto de Stade, *Chr.*, MGH SS XVI, pp. 335-341. Cfr. verbo disto Krüger, *Stader Itinerar*; para o que se refire a outras descrições de itinerarios v., ademais das referencias que achega Heit, a antoloxía de Stopani, *Vie di pellegrinaggio*.

⁷ V., para a información de carácter xeral, von den Brincken, *Kartographische Quellen* e, especialmente para os mapas que eran axeitados para peregrinos, Kupčik, *Karten der Pilgerstraßen*.

⁸ Cfr., para o caso particular de Roma, as *Mirabilia urbis Romae* e, para unha época posterior, a *Indulgentia urbis Romae*; estes textos atópanse coleccionados e editados en Valentini / Zucchetti, *Cod. topografico della città di Roma* 3; v. tamén os textos publicados na serie Corpus Christianorum (175). Cfr. nota 6.

⁹ Camiño e etapas: capítulos 1-3; meta: capítulos 9 e 10 (Herbers, *Jakobsweg*, pp. 86-90 e 133-160); os capítulos intermedios tratan sobre hospitais, ríos, terras e xentes e, así mesmo, sobre os corpos santos situados á beira do camiño.

¹⁰ Häbler, *Wallfahrtsbuch*.

¹¹ Sobre Hermann König v., a xeito de resumo: Mieck, “Témoignages oculaires”, 17, nº. 25; Honemann, en: *Verfasserlexikon*² (1984), col. 437 s.; Herbers, “Erster Pilgerführer”, pp. 32-33, Ganz-Blättler, “Andacht”, pp. 84 e 418 s.; Almazán, *Quête du pardon*, pp. 56-58.

servitas, pois *mergenknecht* (servo de María) era a denominación alemana para un membro desta orde xurdida en Italia a mediados do século XIII. A combinación da pertenza á orde relixiosa co dato toponímico “Vach” (verso 1) remite ó mosteiro dos servitas de Vacha na ribeira do Werra (ó nordeste de Fulda) como probable berce do noso autor¹². A liñaxe dos Künig está documentada en Vacha en numerosos casos e un tal Hermann Künig figura nas fontes da historia do mosteiro nos anos 1479 e 1486: na primeira das mencións é descrito como un terminante (mendicante ou esmoleiro) do mosteiro, mentres a última o cualifica de ausente. Que esta ausencia estea en relación cunha peregrinaxe do mencionado a Compostela é algo que só podemos conxecturar, pero non probar¹³. O certo é -e neste punto cómpre actuar partindo do contido interno- que moitas das descrições do itinerario son tan detalladas que este feito fala a favor de experiencias persoais propias -polo menos nalgunha das vías presentadas por Hermann Künig-. Do destino posterior do autor non se ten ningunha noticia.

¿É posible defende-la tese dunha orixe medioalemana do autor partindo dunha análise lingüística da edición máis antiga do opúsculo? Ó facelo habería que tomar como punto de partida o feito de que a pertenza á orde en Vacha fai probable aínda que non segura unha procedencia desta rexión. A tese primitiva de Häbler, segundo a cal se trataría dun dialecto altoalemán, fundamentábase pola súa vez no suposto de que a primeira impresión procedía do prelo estrasburgués de Matthias Hüpfuff (ou Hupfuff). A tese de Häbler xa fora rebatida por A. Görk en 1922 por razóns filolóxicas¹⁴. O problema fundamental de toda análise filolóxica de incunables destas características radica na grande dificultade de diferencia-la parte atribuíble ó autor da que lle corresponde ó impresor en cada caso¹⁵.

Con todo, é posible soste con toda seguridade que o texto está impreso nunha lingua que se pode admitir como pertencente ó grupo medioalemán, que podería corresponder á lingua do autor da rexión do Werra, na raia entre o medioalemán occidental e o oriental. A lingua do texto impreso é, cando menos, próxima ó son orixinal, como o proba o mantemento na súa forma orixinal da rima, carente de toda clase de pretensión. Merecen ser destacados os seguintes trazos:

1. A ausencia de ditongación (por exemplo nas rimas *schrîn / hin, darin / pîn, mil / Wil*, etc.), deixando a un lado excepcións ocasionais (*drey* a carón de *dry, teutsch, theutsch* a carón de *tütsch* ou de *zeugstu*).
2. A monotongación xa realizada en rimas como *huten / lucen* (polos medioal. *hüeten / liuten*), *flyss / genyss* (polos medioal. *fliz / gaeniez, verdienen / pynen*, etc.).

¹² Tese defendida orixinariamente por Küther, “Vacha”, pp. 148-153; Häbler, *Wallfartsbuch*, pp. 56 s. aínda buscaba a Vach na alta Alemaña, nas proximidades do suposto lugar de impresión, Estrasburgo, sen con todo poderse decidir por ningunha das pequenas localidades que, segundo el mesmo di, eran todas de moi pouca importancia. A localización identificadora de Küther tamén podería ser criticada, sobre todo se se fixese unha diferenciación ulterior entre o lugar de orixe do autor e a localización do mosteiro de Vacha, ó que podería pertencer Hermann Künig.

¹³ Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 33. A crítica de Graf “Oberdeutsche Jakobsliteratur”, p. 85, con respecto a isto é gratuíta, posto que nunca se tratou de ir máis alá dun suposto.

¹⁴ Cfr. Küther, “Vacha”, p. 151 e nota 82; Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 33 s.

¹⁵ Almazán, *Quête du pardon*, trata brevemente (pp. 56-58) unha vez máis (polemizando con Küther) a cuestión da orixe, do dialecto e da impresión; argumenta en contra dun dialecto altoalemán e manifesta dúbidas sobre a impresión no obradoiro de Matthias Hüpfuff. Debémolle as referencias que seguen sobre a lingua das primeiras impresións ó Dr. Arne Holtorf de Tubinga.

Ó lado disto aparecen trazos illados do medioalemán, que, con todo, non poden ser considerados como característicos para o conxunto do texto. Neste grupo inclúese o desprazamento de *u* a *o* (*hondert, worde, wonderlich, forder*, etc.), a conservación do antigo *d* por *t* (*drincken, dranck, duot, deylt*, etc.). Tamén hai que constatar algúns influxos do baixoalemán (*wesselen* por *wechselen*, *born* por *brunne*, *bornet* por *brennet*).

Malia estas observacións, unha atribución ó espacio medioalemán non é moi doada, ó estaren ausentes características marcantes propias do medioalemán, e, sobre todo, na integridade do texto produciuse o desprazamento “*pf*” típico do espacio lingüístico altoalemán; a ausencia de ditongación só lle confería unha coloración arcaizante. A monotongación, allea ó altoalemán, non lle chama especialmente a atención ó lector altoalemán gracias á regularidade da escrita “*ie*”.

Xa que logo, se nós mantémo-la tese da orixe medioalemana do autor, cabería admitir que o presunto lugar da impresión da primeira edición, Estrasburgo, ben puido exercer un influxo sobre a formalidade do texto¹⁶. ¿Pero o texto foi impreso realmente en Estrasburgo no obradoiro de Matthias Hüpfuff, como admitía aínda Häbler¹⁷? ¿Pasou ó prelo pouco tempo despois da súa conclusión tal como se le no explicit da máis antiga edición impresa, que dá a data de 1495? O único exemplar coñecido da primeira impresión¹⁸, aquí reproducido, non permite unha atribución máis segura. As comprobacións feitas ata hoxe deixan aberta a dúbida sobre se Hüpfuff, en Estrasburgo, foi realmente o impresor do primeiro opúsculo¹⁹. O feito de que ningunha das impresións atribuídas sen ningunha dúbida á casa Hüpfuff sexa anterior ó ano 1496 ten neste caso menos importancia, pois o colofón menciona a data de redacción e non o momento, posterior, da impresión. Así, hai especialistas da investigación dos incunables²⁰ que admiten unha data de impresión posterior (ata cerca de 1500); ó mesmo tempo consideran, en todo caso, provisional unha atribución á casa editora de Matthias Hüpfuff²¹. Por outra banda, tampouco foi posible ata agora atribuí-lo opúsculo a ningunha outra casa impresora²².

¹⁶ Isto coincide en certo xeito, unha vez máis, coas observacións de Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 59.

¹⁷ Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 59; as dúbidas que seguen sorprenden tamén polo feito de que Häbler, coma ningún outro, se debía á investigación dos incunables.

¹⁸ Documentado unicamente en Berlín, na Staatsbibliothek. Cfr., para esta impresión, Voulliéme, *Inkunabeln*, n.º. 2544 e, así mesmo, Copinger, *Supplement*, n.º. 3460. Agradecemoslle ó Dr. Brandis, de Berlín, a súa autorización da reprodución dos incunables. Os intentos feitos para documentar outros exemplares desta primeira impresión non deron, ata agora, resultados positivos.

¹⁹ Foi precisamente o Dr. Frieder Schanze (Tubinga) quen expuxo as súas dúbidas, nunha conversa, sobre o emprego neste caso dos tipos da casa Hüpfuff.

²⁰ Expresamos aquí o noso agradecemento sobre todo ó Dr. Thomas Wilhelmi (Basilea e biblioteca da universidade de Tubinga) polas súas utilísimas comparacións con outras impresións de Hüpfuff, ademais doutras informacións. Tamén merece o noso agradecemento a Dra. Anneliese Schmitt (Staatsbibliothek de Berlín) polas súas numerosas informacións. A Dra. Schmitt investiga especialmente os incunables e as impresións de Matthias Hüpfuff.

²¹ Como, por exemplo, o Dr. Wilhelmi e a Dra. Schmitt; o Dr. Schanze é máis crítico.

²² Se cadra, sería posible pensar en Basilea como lugar da impresión; con todo habería tamén que sopesar detidamente, unha vez máis, as posibilidades de lugares como Tréveris, Espira, Heidelberg, Bamberg, Marienthal, Eltville e Würzburg como lugares da impresión. En Hessen, nas proximidades do mosteiro de Vacha, en todo caso ata principios do século XVI, non houbo ningún obradoiro de impresor.

Claro que, e isto constitúe un argumento adicional a favor de Hüpffuff, o título, tanto polo seu contido coma pola súa extensión, non se axusta nada mal ó futuro programa da casa Hüpffuff²³. Deste xeito, en consecuencia, a procedencia do autor así como a máis antiga edición deste libro seguen, hoxe tanto coma onte, envoltos en certa inseguridade, que non é doada de superar sen máis.

O texto de Hermann König diferénciase doutros relatos de peregrinaxe de finais do século XV e do século XVI non só polo seu carácter preceptivo como guía para peregrinos, senón tamén pola súa difusión a través de numerosas edicións, feito que seguramente ía directamente relacionado co anterior. Isto permite comprender ata que punto eran valoradas as indicacións desta guía. Konrad Häbler, no ano 1899, aínda enumera cinco edicións distintas, que saíron no espazo de tempo que chega ata o ano 1521²⁴. Ademais do exemplar aquí reproducido en facsímile, posiblemente impreso despois de 1495, Häbler menciona estas outras edicións sucesivas: Estrasburgo (sen data), Nuremberg (da imprenta de Jobst Gutknecht, 1520) e Lipsia (1521). Segue sendo unha cuestión non resolta se unha versión baixoalemana que entre tanto se perdeu era unha tradución ou unha reelaboración da guía de König; o seu título suxire, como mínimo, unha reelaboración: *De overen und meddelen Straten van Brunswyck tho Sunte Jacob in Galicien tho Compostella / Anderwerff gecorregeret unde mit mehr thogesatten...*²⁵.

Tampouco as outras edicións altoalemanas mencionadas conteñen o texto tal como o presentaba a primeira e tampouco ofrecen ningunha nota de referencia verbo disto, simplemente reimpresso. Puidéronse demostrar correccións toponímicas, cambios lingüísticos ou variacións nos contidos en polo menos dúas impresións das catro edicións da guía de peregrinos de König feitas no século XVI, das que Häbler dispuxo para confrontalas coa edición máis antiga. Malia a nosa busca intensiva ata agora só nos foi posible localizar dúas das catro edicións: a non datada, de Estrasburgo, ademais da impresa en 1520 no obradoiro de Jobst Gutknecht en Nuremberg²⁶. Todas estas edicións débense situar certamente xa no século XVI. As investigacións comparativas, ata agora aínda non publicadas, de Frieder Schanze²⁷ levan moito máis alá do ata aquí coñecido sobre estas impresións tardías, que se fundaban exclusivamente sobre os datos achegados por

²³ V., verbo disto, J. Muller, *Bibliographie Strasbourgeoise* II, pp. 55-70.

²⁴ Cfr. Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 59 e Honemann, "König".

²⁵ Cfr. Honemann, "Helmich", pp. 975 ss. Outras pescudas feitas na biblioteca da universidade de Greifswald (carta de 19/07/1994) non tiveron ata agora éxito. O título exacto atópase en Scheller, *Bücherkunde der Sassisch-Niederdeutschen Sprache*, p. 145, nº. 581 e tamén en Borchling / Claussen, *Niederdeutsche Bibliographie*, col. 281, nº. 613; aquí encontrase tamén o explicit. Esta impresión tampouco está recollida en Brandes, *Bibliographie der niedersächsischen Frühdrucke bis 1600* (1960).

²⁶ Ámbolos dous exemplares por nós consultados atopábanse noutro tempo na Staatsbibliothek de Berlín; a consecuencia dos traslados de material feitos no curso da Segunda Guerra Mundial pasaron a formar parte dos fondos da biblioteca universitaria de Cracovia, á que lle agradecemos-lo envío dos microfilmes correspondentes. Cfr. Copinger, *Supplement* 3461; VD 16; K 2539-2542 enumera as catro impresións do século XVI, segundo as indicacións de Häbler e sen referencia de localización, agás para a edición de Nuremberg de 1520 (Londres, Mus. Brit.). Xa que logo, esta edición está documentada como mínimo unha segunda vez.

²⁷ As informacións que seguen sobre as edicións tardías débemosllas unha vez máis ó Dr. F. Schanze, que está preparando unha bibliografía xeral e comentada sobre as primeiras impresións alemanas.

Häbler. Segundo isto, das catro edicións tardías, a non datada de Nuremberg é probablemente a máis antiga, se cadra orixinal xa dos anos 1510 a 1515. Isto é rendido aínda máis probable, polo menos, pola xilografía, distinta da que figura na impresión de Jobst Gutknecht (1520) non só polos tipos de imprenta do título senón tamén por miudezas de menor importancia²⁸. Esta xilografía podería se-lo modelo da portada de Gutknecht, que este probablemente imprimiu empregando unha nova incisión de madeira. A edición de Lipsia tense que atribuír certamente á casa editora de Martin Landsberg. A edición non datada de Estrasburgo, que Häbler aínda quería atribuír eventualmente a Hüpfuff²⁹, é probablemente a edición máis recente das conservadas. Procede da casa editora dos herdeiros de Martin Schürer e foi impresa alí quizais entre 1520 e 1525. Os sucesores dos Schürer (Jakob Frölich) volveron empregar-la xilografía do título aínda arredor de 1550.

As dúas edicións tardías ó noso alcance presentan tamén algunhas particularidades lingüísticas. A arriba citada “nova edición” de Estrasburgo permite recoñecer dúas tendencias desde o punto de vista lingüístico³⁰: por unha banda, a vontade de mellora-la calidade das estrofas por medio da redución duns versos excesivamente longos para obter unha estrofa máis regular, tetratónica, o que ocasionalmente pode ir en detrimento da comprensión. Por outra parte, a sonoridade é modernizada, gracias á introducción da ditongación, pero só na medida en que, ó facelo, as rimas non sexan destruídas. Así, por exemplo, fanse as rimas: *treiben / schreiben, vermeiden / uffsteigen* en vez de *vermyden / anstigen*. Con todo son mantidas as rimas: *hüten / lüten* (altoalemán medio: *hüeten / liuten*), *schryn / hyn* (altoalemán medio *schrin / hin*), *verdyn / pyn* (altoalemán medio: *verdien / pin*) porque se terían destruído cunha ditongación de *i* e *iu* en *ei* e *eu*. En *vß* e *vff* (altoalemán medio *ûz* e *ûf*) e en *-lich* e *-lin* non chegou a producirse ditongación, o que podería remitir á grande área alemánica.

Curiosamente, faltan os trazos medioalemáns mencionados a propósito da impresión máis antiga (como *o* por *u*, *d* por *t*, *born* por *brunne*), pero, en cambio, atópanse características illadas máis ben altoalemanas como *leyt, geyt* (polo altoalemán medio *liget, gibet*), ademais do emprego de apócopes e síncope en *findst, zeuchst, magst, hast* (por *findstu*, etc.), *bweglichkeit, gnant* (por *beweglichkeit*, etc.), que remiten á fala altoalemana (bávara); *p* por *b* altoalemán medio aparece só en *plitzen e hüpsch*. O imperativo *gang* por *gê*, a forma verbal *seind* por *sind* e *ô* por *â* en *gong* e *stong* remiten de novo e con maior intensidade ó espazo alemánico. No seu conxunto e desde o punto de vista lingüístico, a versión impresa parece marcada pola vontade de empregar unha linguaxe suprarrexional, correcta, moderna. Ó mesmo tempo algúns detalles poderían confirmar Estrasburgo como lugar da impresión.

²⁸ V. ilustración da edición non datada de Nuremberg en Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 58.

²⁹ Tamén a Dra. Anneliese Schmitt (*Gesamtkatalog der Wiegendrucke*, Staatsbibliothek Berlin), despois dunha análise provisional dos tipos de VD K 2539, manifestou dúbidas sobre unha posta en prensa da edición non datada de Estrasburgo xa no século XV así como sobre unha posible atribución da mesma a Hüpfuff (como aínda facía Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 59: “posiblemente da mesma imprenta”) (carta de 09/08/1994).

³⁰ As observacións que seguen sobre a forma lingüística débense unha vez máis á amabilidade do Dr. Arne Holtorf.

A edición, certamente case contemporánea, de Jobst Gutknecht de Nuremberg (1520) diferénciase da de Estrasburgo pola introducción sistemática da ditongación mesmo aínda nos casos en que con ela se destrúe a rima. Así, xa que logo, riman entre si *hütten / leütten, fleyssse / geniessen, schreyen / hyn, verdienen / peynen*, etc. Esta ocasional “destrucción da rima” aparece un pouco mitigada polo feito de que as estrofas non foron impresas gardando unha certa separación, senón seguidas, sen interrupción. Tampouco foron tocados os ásperos e excesivamente longos versos de Hermann König, de xeito que, malia a sinalización do remate dos versos por medio de comas, se produce a impresión dun texto en prosa.

O influxo bávaro é perceptible na ditongación consecuenta tamén en *auff, auß* e *-lein* e no moi frecuente *p* inicial no posto do *b* altoalemán medio (así, por exemplo, en *pruck, plitzen, prunnen, prot, preyt, pratspiß, prent* mentres aparecen xeneralizados *berg, bruder*, etc.). Os *uo* e *üe* altoalemáns medios aparecen xeralmente como *u* e *ü*, de modo que a monotongación máis antiga, ou do orixinal, podería ser mantida (non é posible unha toma de decisión unívoca), o que sería conciliable co lugar de impresión franco de Nuremberg; as particularidades medioalemanas máis arriba mencionadas están ausentes tamén nesta impresión.

Esta breve descrición doutras dúas edicións amosa ata que punto a guía de peregrinos de Hermann König era un “texto vivo” e como foi sendo modificado segundo o lugar de impresión, segundo o seu redactor e, se cadra, tamén segundo o colectivo ó que ía dirixido. As particularidades medioalemanas desapareceron; a edición de Estrasburgo mellora a estrutura tetratona dos versos, en boa parte lamentables, da edición máis antiga; a imaxe do texto impreso produce unha aparencia de texto en prosa. Con todo, non é doado establecer dependencias entre os textos; no texto da edición de Estrasburgo faltan dous versos que figuran, pola contra, na de Nuremberg; conseguintemente, aquela non foi o modelo da segunda.

As modificacións dos dous textos tardíos referidos non afectan unicamente a fenómenos lingüísticos. O recurso á comparación axuda nalgúns casos a corrixir erros da primeira edición ou a identificar topónimos con máis precisión³¹. Máis dunha lectura errónea parece te-la súa orixe en tipos de imprenta errados ou desgastados. Posiblemente algúns datos concretos foron comprobados mesmo sobre o propio lugar, como pode facer plausible un exemplo: desde hai algún tempo discútase en Suíza en relación cos chamados “camiños de peregrinos” sobre que puido querer dicir en realidade Hermann König cando, a propósito de Lucerna³², indica que se ten que deixa-lo monte Pilatus á man dereita³³. Consideráronse variantes e moitas posibilidades con gran abundancia de coñecementos de detalle. O certo é que a resposta é máis sinxela: Hermann König cometeu sinxelamente un erro, como o proba un dos textos tardíos: simplemente substituíu “dereita” por “esquerda”³⁴.

³¹ Na versión comentada que segue faise unha advertencia en cada caso en que as impresións tardías foron empregadas como referencia comparativa.

³² Cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 39; cuestión discutida en Suíza desde entón sen interrupción no contexto da reconstrucción dos camiños (v. en especial os informes que seguen aparecendo no *Bulletin des Inventars der Historischen Verkehrswege der Schweiz*).

³³ Verso 54.

³⁴ V. infra a nota do verso 54.

Pero, sobre todo, as edicións tardías permiten entreve-la importancia que acadou o opúsculo; unha tirada situada entre os 200 e os 800 exemplares en cada edición é moi posible e mesmo probable³⁵. Mais, na hipótese de que se perdesen algunhas outras edicións posteriores, as recomendacións de König deberon ter unha difusión moi respectábel para aquela época. Con todo, ó mesmo tempo, tratábase certamente menos dun libro para bibliotecas -o que podería explica-la perda de exemplares- que dunha obra de carácter práctico. Os textos modificados e adaptados das edicións tardías proban que mantiveron a súa actualidade, cando menos ata 1520, ó longo de toda unha xeración.

As xilografías das portadas, pertencentes todas ó tema da peregrinaxe xacobeá, encerran un grande interese³⁶. Dúas delas (ou tres, se se ten en conta a coincidencia de título das dúas edicións de Nuremberg) amosan peregrinos no camiño, mentres as outras dúas mostran representacións do apóstolo Santiago. En correspondencia, os títulos están tamén lixeiramente modificados; no primeiro caso ó camiño engádenselle as “leguas”. As edicións de Nuremberg presentan a un peregrino axeonllado perante o apóstolo Santiago, mentres na igrexa ou no edificio está entrando unha peregrina: unha referencia á participación de mulleres nas peregrinaxes³⁷. A imaxe que figura na edición máis antiga apártase ata certo punto do esquema habitual: o apóstolo Santiago está de pé sobre un tellado, levando o seu bordón coa vieira. Está enmarcado por dúas plantas, que na parte superior se dilúen integrándose nun ceo estrelado. O cadro ten unha certa semellanza coas representacións do Apóstolo de Tolosa e de Compostela, nas que o santo aparece entre dous cipreses³⁸.

O texto da edición máis antiga, reproducida aquí en facsímile, consta de 651 versos pareados (maiormente tetratónicos), nunha linguaxe extremadamente pobre, sen pretenções, que xa foi descrita con máis detalle. As rimas debían posiblemente axudar a memoriza-lo texto³⁹, aínda que contra a fin do século XV a forma versificada era considerada tamén sen dúbida como o xeito doado de presentación dun texto destas características. O lector é interpelado directamente, como peregrino, en segunda persoa: “has de...” ou de xeito semellante. Queda, así, tamén formalmente patente a diferenza cos relatos de peregrinaxes. Pero, ¿que é o que caracteriza o conxunto do texto? Unha precisión verdadeiramente excepcional para esta época -malia que non tódalas indicacións de distancias en leguas satisfagan as esixencias de precisión de hoxe en día⁴⁰-, informacións sobre as eta-

³⁵ Cfr. Funke, *Buchkunde*, p. 98; nos primeiros tempos da imprenta tirábanse entre 250 e 300 exemplares; ata despois de 1480 non foron posibles tiradas de ata 1000 exemplares; para cada un dos títulos comentados podería ser realista a cifra de 200 a 800 exemplares.

³⁶ As portadas foron reproducidas por Häbler, *Wallfahrtsbuch*, pp. 56, 58 e 60. Para a xilografía da portada da edición máis antiga v. facsímile. O título da edición de Nuremberg, de 1520, non reproducido por Häbler, é, agás unha leve variante no texto, case idéntico ó da edición non datada de Nuremberg; v. supra para o que se refire á “reutilización” da xilografía.

³⁷ Tódolos esforzos feitos ata hoxe para determinar con maior precisión a parte das mulleres nas peregrinaxes son dificilmente xeneralizables. Para as viaxes medievais a Compostela é practicamente imposible achegar datos cuantitativos.

³⁸ Cfr. Plötz, “Imago”, p. 251 coas notas 41 e 55 ademais da bibliografía alí citada.

³⁹ Neste punto o grupo ó que o autor se dirixe coincide mellor co da canción de peregrinos “Wer das elent bawen wel”; cfr. Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*, pp. 151-163.

⁴⁰ Cando menos, König cualifica máis dunha vez no texto as leguas como especialmente longas ou curtas.

pas, sobre o avituallamento, as pousadas e os hosteleiros, sobre as peaxes e as moedas necesarias. As súas axudas orientativas abranguen bifurcacións de camiños, montes, castelos, pontes, barcas; describe lugares de aprovisionamento de auga, prebendas (escolas), dá consellos para a economía de provisións ou de diñeiro ou para atopar unha hospedaxe axeitada e barata, e fai advertencia sempre do troco de diñeiro⁴¹. Mentres fai isto, König non esquece emitir en moitas ocasións o seu xuízo sobre unha pousada ou sobre o persoal de servizo da mesma.

Máis escasas son, por certo, as súas informacións sobre os “vill heiliger stett”, resaltados ó inicio (verso 31): Santa Ana en Lausana, os símbolos do peregrino de St.-Antoine, as reliquias de Tolosa, a historia milagrosa de San Domingos da Calzada, a mesma Compostela; isto é tamén case todo polo que se refire a informacións concretas no camiño de ida pola chamada “vía alta”. Na ruta de volta unicamente son presentados un pouco polo miúdo San Martiño de Tours, Valenciennes e Aquisgrán⁴².

O camiño non está constituído unicamente por estes “lugares santos” situados ó longo do seu traxecto⁴³, senón tamén polas diferentes historias vinculadas a lugares concretos, como o Pilatus en Lucerna, o milagre das galiñas en San Domingos da Calzada ou a historia do mestre de hospital ruín de Burgos, recollida tamén no tema da canción “Wer das elent bawen wel”. Non é imposible que esta canción influíse nesta pasaxe sobre a guía de peregrinos de Hermann König⁴⁴.

O camiño é, por dicilo así, disposto á medida do peregrino alemán; recoméndanse amigos dos peregrinos alemáns, aconséllanse precaucións que tomar diante dos inimigos dos peregrinos alemáns, numerosos topónimos así como datos monetarios aparecen en forma xermanizada. Deste xeito, o camiño adquire unha estrutura propia para o peregrino alemán. As abundantes referencias ó “alleo” reforzan esta diferenciación. Se cadra, esta separación patente e clara entre o alemán e o alleo pode ser interpretada mesmo dende a perspectiva histórico-social: nobres ou patricios que visitaban cortes estranxeiras e dispoñían de intérpretes acollían, segundo parece, todo o alleo doutro xeito e describíano distintamente; para o peregrino de orixe social modesta o mundo alleo era moito máis ameazador; pénsese só, por exemplo, no problema de facerse entender en terra allea⁴⁵. Parece que Hermann König escribiu para o grupo dos “peregrinos sinxelos”, aínda que as edicións do seu libro sen dúbida só podían atopar recepción entre os que sabían ler. Xa que logo, a guía de König, xuntamente coa canción de peregrinos “Wer das elent bawen wel”, está dirixida máis ben ós incontables peregrinos sinxelos de finais do século XV e primeiros do XVI.

⁴¹ No traballo de licenciatura, inédito, de Michael Stolz (Ms. Berna, 1987), pp. 49 s. figura unha lista das pasaxes correspondentes coa respectiva frecuencia. Agradecemoslle ó autor a cesión do seu traballo.

⁴² Como é natural, König destaca de vez en cando igrexas e capelas concretas.

⁴³ Sobre o problema tempo-espacio en relación co camiño, v. Hassauer, *Santiago*, cfr. íd., *Faszination des Reisens*, pp. 269-271.

⁴⁴ Cfr. Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*, pp. 151 ss.; Herbers, “Erster Pilgerführer”, pp. 43 ss.

⁴⁵ Cfr. outros relatos de peregrinos do século XV que conteñen referencias ós intérpretes dos nobres e patricios.

Con toda evidencia, o autor era consciente da utilidade do seu opúsculo, pois xa nos seus versos iniciais (5-17) expresa en poucas palabras como quere ser útil, e pouco máis adiante recomenda unha vez máis o seu opúsculo (versos 33-39), case ó xeito dun moderno texto de capa dun libro novo. As descrições do camiño seguen en xeral un esquema estrutural determinado. König obra de xeito que, en moitos casos, comeza esbozando a grandes trazos unha etapa para despois describila polo miúdo e remata resumíndoa unha vez máis⁴⁶.

Estructuradas deste xeito aparecen as etapas de Einsiedeln a St.-Antoine, de Nimes a Montpellier, de Montpellier a Tolosa, de Tolosa a Ortés, a do “Armagnac”, o tramo de León a Astorga, de (Burgos) Pamplona a Baiona, de Baiona a Burdeos (así como a variante pola “landa pequena”), de París a Amiens e de París a Arrás. Esta preocupación do autor por unha estruturación non vai desafortunadamente reforzada por medio de parágrafos ou encabezamentos nos textos. A unha falta de atención do impresor é probablemente atribuíble a indicación prematura dunha variante do camiño, cando pouco despois de Burgos xa se introduce brevemente a ruta de Estrasburgo⁴⁷.

É indicativa das axudas que se poden agardar do texto, pero tamén ilustradora dos coñecementos que o autor obtivera sobre o camiño por si mesmo, a busca da proporción que as distintas descrições do camiño gardan entre si. Xa na primeira lectura chama a atención un claro desequilibrio, que, con todo, pode ser debido a motivos obxectivos. O camiño de ida, pola chamada “vía alta”, é merecente para o autor de 520 versos, mentres que para a volta, pola “vía baixa”, incluíndo as dúas variantes, abóndalle con 130 versos. Os datos sobre o tramo do camiño que vai desde os Pireneos ata Aquisgrán son tan escasos para algunhas etapas que a axuda concreta para o peregrino só era real nalgunos poucos puntos. Se distribuímo-las seccións do texto seguindo outra disposición, confrontando os tramos Einsiedeln - Pireneos e Pireneos - Aquisgrán coa descripción de España, obtémo-lo seguinte cadro:

Einsiedeln - Roncesvalles: 333 versos

Roncesvalles - Santiago: 190 versos

Santiago - Pireneos / Baiona: 24 versos

Pireneos / Baiona - Aquisgrán: 104 versos.

“Xa que logo, o interese de Hermann König polos detalles vai diminuíndo -case gradualmente- á medida que se vai afastando do punto de partida”, conclúe Stolz desta distribución⁴⁸. ¿Cales serían as razóns disto? En primeiro lugar, é algo inmediatamente comprensible que o camiño de volta de Santiago ata Burgos / Pamplona, idéntico ó de ida, só apareza esbozado. Pero, en cambio, ¿o camiño, máis longo, desde os Pireneos ata Aquisgrán tiña tan pouco que ofrecer como para ser presentado en forma tan abreviada? Seguramente König é escravo aquí de certas tradicións: a guía de peregrinos do século XII só menciona os camiños que se dirixen ó santuario e ningún camiño de volta; por outra banda, só a importancia de Aquisgrán no século XV lle fixo ó autor senti-la necesidade de describir algo máis por extenso o camiño de volta ata aquela cidade. Da

⁴⁶ Cfr. sobre isto en detalle Stolz, no seu traballo de licenciatura (v. nota 41), pp. 51 ss.

⁴⁷ Cfr. infra verso 532 con nota 201.

⁴⁸ Stolz no seu traballo de licenciatura (v. nota 41), p. 53; v. tamén ib. pp. 40 ss.

análise dos versos que conteñen as distintas variantes do camiño ó sur de Burdeos así como da daqueles versos que, certamente en parte fóra do seu lugar, describen o camiño de Lorena e de Estrasburgo⁴⁹ conclúese que, cando menos nestes puntos, o autor non fai a descrición baseándose unicamente na súa propia experiencia do camiño. Como explicación da desproporción entre a descrición de Suíza / Francia e de España poderíase aducir convincentemente que no século XV a infraestrutura do “camiño francés” a través do norte de España estaba tan ben desenvolvida que Künig se podía permitir ofrecer menos indicacións para ese tramo das que lle cumprían para Francia. Para aquela parte abondáballe con facer referencia a algúns tramos do camiño especialmente perigosos -como os pasos de montañas- ou a algunhas tradicións localizadas ó longo do camiño -como en Burgos ou en San Domingos-. Estas inclusións están ausentes tamén por completo no “camiño de volta”, que, contrariamente ás partes iniciais do texto, ten un carácter de itinerario moito máis forte. O interese de Künig pola parte francesa do camiño -especialmente, na ida, pola “vía alta”- queda ilustrado unha vez máis á luz doutra observación. A investigación do camiño non centrou ata agora case nada a súa atención sobre a importancia que os establecementos dos antonianos teñen para a guía de peregrinos de Hermann Künig⁵⁰. Non só no itinerario de Künig, senón tamén en moitos outros relatos, está documentado que moitos dos peregrinos da Alemaña meridional visitaban St.-Antoine-en-Viennois⁵¹. Por outra banda, os establecementos desta orde orlaban o percorrido que seguían a maior parte dos peregrinos procedentes de Alemaña: a través de Suíza, Savoia, do Val do Ródano, seguindo por Montpellier e Tolosa ata os Pireneos. Vistas as cousas desde esta perspectiva, as numerosas citas explícitas de establecementos antonianos -que a el lle gusta chamar igrejas de *sant tongues* (ou algo similar)- feitas por Hermann Künig parece que só eran a pequena parte documentada dunha rede asistencial á que os peregrinos recorrían de bo grado e a miúdo, especialmente en Francia, durante o século XV. Se comparamos, aínda que sexa só por riba, o mapa dos establecementos antonianos que nos proporciona Mischlewski coas etapas do camiño de Künig e doutros peregrinos xacobeos daquel tempo, salta inmediatamente á vista o mesta que era a rede dos mesmos no Val do Ródano e na Francia meridional⁵². Cómpre que vindeiras investigacións boten luz sobre este punto.

Xa que logo, a guía de peregrinos de Hermann Künig é tamén unha fonte documental da infraestrutura á disposición dos peregrinos na rexión no século XV. Isto parece cobrar aínda máis interese polo feito de que o itinerario de Künig se aparta claramente, na Francia meridional, da traxectoria da “vía tolosana” proposta aínda no século XII pola guía de peregrinos do *Liber Sancti Jacobi*⁵³. Cando a guía do século XII escribe “os borgoñóns e os alemáns, que van a Santiago polo camiño do Puy...”⁵⁴, tense a impresión de que, ata certo punto, a propaganda cultural a prol de Conques e doutros lugares que

⁴⁹ Cfr. infra verso 532 ss. con nota 201.

⁵⁰ A única referencia concreta, aínda que curta, atópase en Mischlewski, *Antoniterorden*, p. 34, nota 92.

⁵¹ V. o noso índice.

⁵² O mapa figura como anexo de Mischlewski, *Antoniterorden*.

⁵³ V. Vázquez de Parga e. o., *Las peregrinaciones*, I, 225.

⁵⁴ Herbers, *Jakobsweg*, p. 115.

seguen xogou aquí un papel importante. O Val do Ródano e a continuación do camiño meridional están documentados xa no século XII para algúns casos concretos de peregrinos alemáns⁵⁵; no século XV -achegando tamén os datos doutros relatos de peregrinaxe- esta vía debeu se-la máis frecuentada precisamente por peregrinos alemáns.

Por moi decepcionante que a guía de peregrinos de Hermann Künig poida ser desde o punto de vista literario ou lingüístico, para o historiador e para o etnógrafo cobra un valor especial, posto que parte primordialmente das necesidades prácticas e moi inmediatas dos peregrinos. Lida con atención ofrece, xa que logo, unha visión do día a día do peregrino, dos problemas específicos de aloxamento, fraude, troco de diñeiro, pagamentos de peaxes, puntos de auga e axuda no camiño. As dificultades de identificar aínda só por aproximación tódolos hospitais citados na guía deixan entreve-lo mesta que era a rede asistencial, polo menos nas proximidades dalgúns lugares, contra o remate do século XV⁵⁶. As informacións de Künig sobre cada un destes problemas están enraizadas na piedade da época, na que o centro de peregrinaxe de Compostela xa tiña de antemán a súa sona e podía ser posto sen máis en relación cos cultos da Virxe María e de Santa Ana.

A resonancia acadada polo libro queda patente nas súas reedicións, sen dúbida máis numerosas que as cinco ata agora documentadas; neste sentido, ten menos importancia que Künig peregrinase ou non en persoa; en calquera caso, o seu texto achegouse certamente de preto en moitos aspectos á práctica do peregrino da súa época.

Ó mesmo tempo, constitúe unha proba da popularidade das viaxes a Santiago na Alemaña de fins do século XV⁵⁷.

[Inserimos a continuación o facsímile seguido pola súa versión en galego].

⁵⁵ Cfr. Herbers, “Peregrinos, escritores”, p. 123.

⁵⁶ Esta imposibilidade de identificación reside tamén nas titularidades continuamente cambiantes das diferentes institucións, que só a investigación local sería capaz de levar adiante en cada caso concreto. Así, por exemplo, Burgos contra a fin do século XV, con cerca de 10.000 habitantes, tiña 20 hospitais ou albergues documentados; v. Cuadrado, “Plan”, p. 263, nº. 90. Contrastando con estes datos, Künig fala de 32 hospitais (¡) (Cfr. verso 421). Dificultades semellantes existen para o caso dos hospitais mencionados por Künig sen moita precisión entre Nicolás de Itero e Carrión de los Condes; sobre algunhas destas institucións cfr. Plötz, “Iter” (no prelo).

⁵⁷ Sobre as tendencias da, en expresión tan problemática, denominada “piedade popular” na fin da Idade Media v., por exemplo, Rapp, “Neue Formen” e Ganz-Blättler, *Spiritualität*, xuntamente con outras colaboracións neste volume colectivo.

2. Facsímile da edición máis antiga

3. Versión galega

- Eu, Hermann König de Vach,
quero coa axuda de Deus
compoñer un pequeno libriño,
que se ha de chamar “o camiño de Santiago”.
- 5 Nel quero describir camiños e pasos
e de que xeito todo irmán de Santiago¹
se ha de prover con bebida e comida,
e nel tampouco quero
deixar sen amenta-las moitas maldades dos capóns².
- 10 Tamén quero dar instrucción pracenteira
sobre todo aquilo do que todo irmán debe precaverse
e de como ha de conducirse correctamente con Deus e cos homes
e de como ha de servir con dilixencia a Deus e a Santiago.
Isto pagaranllo Deus e Santiago:
- 15 Así recibirá de Deus unha gran recompensa
e despois desta vida a coroa celestial
que Deus lle deu a Santiago e
a tódolos santos coa vida eterna³.
Antes de nada, cando penses saír
- 20 débeslle pedir a Deus a súa axuda
despois a María, a chea de gracia,
para que ámbolos dous estean dispostos a levarte incólume ata aquel lugar
no que, se Deus quer, encontrarás devotamente a Santiago
e tamén a María co seu amado fillo,
- 25 para gañar gracia romana⁴ e indulxencia

¹ Jakobsbruder [irmán de Santiago, N.T.] ou tamén Bruder [irmán, N.T], termo que König emprega case exclusivamente para denomina-lo peregrino de Santiago; cfr. Grimm, *Deutsches Wörterbuch* 10, col. 2202 s.; Herbers, “Deutschland”, p. 252 e Graf, “Oberdeutsche Jakobsliteratur”, p. 183.

² Altoalemán medio *kapun*, “circunciso”, deformación intencionada do lat. med. *caupo* (como aparece xa, por ex., na *Crónica dos bispos de Le Mans*), empregado posiblemente para referirse despectivamente ós taberneiros ou hospedeiros (v. tamén lat. *capo* como denominación do eunuco). Tamén se podería tratar de persoas do estamento eclesiástico, pois os clérigos tamén eran denominados con frecuencia “kapaune” (capados); v. tamén os lémnata “kapaun” e “kapaunen” en Grimm, *Deutsches Wörterbuch* 11, p. 182 (o xogo de palabras “gekäp̄te, aber nicht cappaunte mōnch” [monxe con capa, pero non capado, N. T.] está documentado alí).

³ V. infra a expresión similar, no verso 513; sobre a interpretación da coroa cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 44 s.

⁴ Gracia romana é sinónimo de indulxencia. Sobre as indulxencias como motivo cada vez máis importante tamén para as peregrinacións na Baixa Idade Media cfr. Schmutge, *Kollektive und individuelle Motivstrukturen*, pp. 270-272. Sobre as indulxencias segue a ser fundamental Paulus, *Ablaß*.

- a fin de que che sexan aforrados os tormentos do inferno.
Por iso iniciára-lo camiño con ledicia
e dirixiraste primeiro a *Eynsiedeln*⁵.
Alí atopas indulxencias romanas en sobreabundancia.
- 30 Despois, neste mesmo lugar, entras na “vía alta”⁶,
na que encontrarás moitos lugares santos
polos que moitos irmáns se consumen de soidades,
que certamente poderían ter máis longa vida,
se quixesen seguir exactamente este libriño
- 35 e guiarse polos meus consellos.
Así tanto máis aliviados chegarían a carón de Santiago
e estarían protexidos de moitas clases de perigos
que causan gran sufrimento a moitos irmáns
e traen gran desgracia a moitos deles.
- 40 Así, por exemplo, ó lado de *Eynsiedeln* atopas unha ponte⁷:
para evitar tal infortunio,
has de subir primeiro unha alta montaña⁸,
xunto ás cruces caerás de xeonllos
e confiara-lo teu destino a Deus e a María
- 45 e suplicaraslles encarecidamente,
que te protexan ó longo do camiño.
Despois entregaraste enteiramente á vontade de Deus.
De seguido, despois de catro leguas⁹, atoparás unha cidade chamada *Lucern*¹⁰.
A cidade está situada nun gran lago¹¹.
- 50 Alí tes que pasar por unha longa ponte¹²

⁵ Einsiedeln; sobre Einsiedeln e a súa importancia como centro de culto, en crecemento continuo dende os séculos XIII/XIV, cfr. Joachim Salzgeber, *Einsiedeln*, pp. 517-594, espec. p. 531.

⁶ König distingue o camiño por Einsiedeln, como “camiño alto”, do chamado “camiño baixo”; v. infra verso 524.

⁷ Certamente a “Teufelsbrücke” [“Ponte do demo”, N. T.] entre Einsiedeln e Lucerna.

⁸ Etzel.

⁹ As indicacións de distancias que seguen a partir de aquí non son sempre fiables, aínda que, en xeral, a legua de referencia é a alemá, de preto de 7.000 m; cfr. Verdenhalven, *Alte Maße*, p. 36.

¹⁰ Lucerna. Sobre a súa infraestrutura de acollida de peregrinos e especialmente sobre os hospitais, cfr. Ursula Ganz-Blättler, *Daß die Straßen*. Sobre relatos de peregrinos e Lucerna, cfr. pp. 115 s., que informa tamén sobre as demais actividades do *Inventario dos Camiños Históricos de Suíza*; v. tamén Göttler, “Santiagopilger Hermann König von Vach in Luzern”. Dámoslle as grazas ó Sr. Göttler pola cesión do seu manuscrito. V. tamén Thurre, *Pilgerstraßen*, pp. 369 ss.; interésase especialmente pola Suíza romanche.

¹¹ Quere dicir á beira dun gran lago.

¹² Certamente a ponte da corte e da capela (Hof- und Kapellbrücke) (hai pouco ardida e de novo reconstruída), destruída o 31 de maio de 1495; consecuentemente, tivo que ser vista por König con anterioridade; cfr. Göttler, “Santiagopilger”, p. 1 s.

- e, tal como eu o oín de moitos eruditos¹³
Pilato foi levado dende Roma ata alí,
concretamente ó alto dunha montaña que lle chaman *Montefracte*¹⁴.
Este monte déixalo quedar á man dereita¹⁵.
- 55 No seu cume xace el [Pilato] nun gran lago,
ó que non debe achegarse home nin animal¹⁶,
e, se algo fose guindado dentro del,
entón todo o país correría
gran perigo de tronos, sarabiadas e raios.
- 60 Por iso foi vontade de San Gregorio¹⁷ dispoñer de modo
que el fose retirado do Tíber en Roma,
pois traíalles prexuízo ós romanos,
porque o Tíber e a volubilidade do tempo
moitas veces lles trouxeron grandes estreitezas ós romanos,
- 65 como [dende entón] sucedeu con violencia e a miúdo en *Lucern*.
Dende alí hai sete leguas ata *Bern*¹⁸,
dende onde hai tres leguas ata unha cidade chamada *Fryburg*,

¹³ As fontes exactas da historia que segue non son precisables ata o último detalle; v. a propósito desta pasaxe Göttler, “Santiagopilger”, pp. 2-9, que reuniu as distintas tradicións locais da época en cuestión que puideron eventualmente servirle a Künig como informantes no curso dunha posible visita. Algúns elementos das explicacións que seguen correspóndense coa versión da *Legenda Aurea* de Xacobe de Varazze, ed. por Th. Graesse (terceira edición 1890), pp. 233-235; cfr. tamén Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 37 con nota 27.

¹⁴ A denominación *fractus mons* para o monte Pilatus está documentada dende aprox. o ano 1200; cfr. verbo disto Weber, *Der Pilatus und seine Geschichte*, p. 91.

¹⁵ Esta indicación foi sempre, unha e outra vez, motivo de interrogantes sobre o itinerario seguido por Künig (Cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 39). Göttler, “Santiagopilger”, pp. 9-13, aproximouse de novo a esta pasaxe e conclúe unha vez máis que a indicación do texto, que faría probable unha ruta polo paso de Brünig, ten que ser un erro. A comparación, ata agora non realizada, con outras edicións tardías amosa, polo menos nas dúas edicións aquí tratadas do texto publicado por Jobst Gutknecht, a versión certamente “corrixida”: *Den laß da ligen zu der lincken handt*.

¹⁶ No texto *fehe*, é dicir, literalmente: gando.

¹⁷ Segundo a lenda de Pilatus recollida na *Legenda Aurea* ten que tratarse sen dúbida de Gregorio o Grande (590-604). As mencións do temporal teñen que referirse, xa que logo, ás grandes inundacións do 589 en Roma e en Italia, anteriores ó pontificado de Gregorio Magno, recollidas non só na *Legenda Aurea*, senón tamén no *Liber Pontificalis*, t. I, ed. Duchesne (Paris, ²1955), p. 309 coa nota 2.

¹⁸ A indicación de distancia, en calquera suposto de traxecto de Lucerna a Berna, está calculada moi á baixa; Göttler, *Santiagopilger*, pp. 9-13, compara diferentes rutas e, de catro vías posibles (polo paso de Brünig, por Entlebuch, por Werthenstein e por Ruswil), dálles preferencia ós camiños por Werthenstein e Ruswil. En xeral, os camiños de Suíza están documentados seguindo a maior parte dos relatos de peregrinos da Baixa Idade Media nas publicacións do *Inventario dos Camiños Históricos de Suíza* (v. os comunicados e recensións correspondentes no *Bulletin IVS*). Os datos en leguas de Künig non parecen gardar sempre correspondencia coa distancia de preto de sete km citada na nota 9. Sobre a cuestión da situación da Irmandade de Santiago e da administración do hospicio bernés v. os resultados, máis ben negativos, recollidos por Tremp-Utz, *Eine spätmittelalterliche Jakobsbruderschaft in Bern*, pp. 47-93, espec. pp. 47 s. e 76 s.

- que está situada na *uchteland*¹⁹.
 Ten unha situación extraordinaria e posúe unha fermosa torre.
- 70 Dende alí hai sete leguas ata *Merdon*²⁰,
 que é unha cidade pequena, en estado ruinoso.
 Mais, se queres colle-lo camiño de *Reymond*²¹, cousa que eu recomendo,
 nese caso tres leguas despois de *Merdon* chegas
 a unha cidade chamada *Losan*²².
- 75 Alí repousa santa Ana, a nai de María²³,
 has de loar a ámbalas dúas,
 e non deberás dubidar en expresárlle-la túa devoción.
 Dúas leguas máis adiante encontras unha cidade chamada *Morse*²⁴;
 é unha cidade moi pequena.
- 80 Despois atopas unha unha fonte con auga potable.
 Inmediatamente despois tes que pagar peaxe²⁵
 e tes dúas leguas ata unha cidade chamada *Roll*²⁶.
 Dende alí tes dúas leguas máis
 ata unha pequena cidade chamada *Nefaß*²⁷.
- 85 Dende alí tes unha legua escasa ata *Küpp*²⁸, situada á beira dun lago,
 e outra legua escasa ata outra cidade que lle chaman *Wasse*²⁹.
 Despois has de camiñar tres leguas
 e entón chegas a unha cidade chamada *Senefaß*,
 que en alemán se di *Genff*³⁰.
- 90 Está situada á beira dunhas augas chamadas Lago de Xenebra.
 Este ten ben 16 leguas de longo,
 en *Genff* ten o seu desaugadoiro³¹.
Genff é unha cidade moi fermosa.
 Eu douche o consello de que vaias cabo do fondeiro alemán,

¹⁹ Friburgo de Uechtland. Sobre os camiños do cantón de Friburgo v. Dewarrat, “Les chemins de Saint Jacques en Pays fribourgeois”, en: *Chemins de Saint-Jacques en terre fribourgeoise* (Friburgo de Ue., [1993], pp. 26-42) e os restantes artigos deste tomo.

²⁰ Moudon.

²¹ Romont.

²² Lausana.

²³ O culto de Santa Ana é mencionado por primeira vez nos apócrifos, no século II, aínda que non adquiriu importancia ata a Baixa Idade Media. Sobre a devoción de Hermann König a Santa Ana cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, pp. 45-47, coa bibliografía alí citada.

²⁴ Morges.

²⁵ Entre o lugar anteriormente citado e o seguinte, despois do territorio do bispo de Lausana, empezaba Savoia; esta é a razón da mención da peaxe; por certo, xa antes fora atravesado territorio savoian.

²⁶ Rolle.

²⁷ Nyon.

²⁸ Coppet.

²⁹ Versoix.

³⁰ Xenebra.

³¹ No Ródano.

- 95 que vive na primeira casa antes da cidade.
Alí atopas dabondo que beber e comer
por un prezo razoable, e el trátate correctamente,
e axúdache en tódolos teus asuntos;
o seu nome é Peter de *Fryburg*.
- 100 Diante da súa casa, á man esquerda, hai pendurada unha imaxe de Santiago,
e tamén, diante dela, unha capela de Santiago³².
Se lle rendes visita, non me reprenderás.
Dende alí, a unha legua de distancia, encontras un castelo detrás dun bosque,
e dúas leguas máis adiante, sen tardar, un hospital,
- 105 despois disto, catro leguas máis adiante, atopas xa
unha cidade que se chama *Remiliacus*³³.
Despois doutras tres leguas chegas directamente
a *Ax*, que son uns baños³⁴.
Dúas leguas máis adiante fai que che amosen
- 110 a cidade que leva o nome de *Schamereye*³⁵.
Dende alí tes tres leguas ata as *Leytern*³⁶.
E agora escoita o que che quero dicir:
Cando esteas media legua antes da cidade,
verás alí unha montaña marabillosa³⁷.
- 115 Tres leguas máis adiante está *Feroms*³⁸, unha fermosa cidadiña,
que en francés se chama *Meretin*.
Despois de máis dunha legua atopas unha bonita cidadiña
e outra legua máis adiante unha cidade que se chama *Arbon*³⁹.
Alí confecciónanse en gran número lindos peites de variadas sortes⁴⁰.

³² A capela de Santiago aquí mencionada probablemente é a mesma capela de Santiago e Santo Antón á que o papa Urbán V lle concedeu o 3 de marzo de 1364 unha indulxencia dun ano e corenta días para aqueles que a visitasen en días festivos e socorresen ós pobres: *Lettres communes* 3, p. 331. Sobre esta capela e a frecuente combinación dos patrocinios de Santiago e de Santo Antón v. Mischlewski, *Antoniterorden*, p. 34.

³³ Rumilly.

³⁴ Aix-les-Bains.

³⁵ Chambéry.

³⁶ Les Échelles [As Escadas, N.T.]; Hermann Künig “xermanizou” este topónimo, coma moitos outros.

³⁷ *Gebuge*, no texto, non ten sentido; as outras dúas edicións impresas comentadas ás que tivemos acceso, a de Estrasburgo (sen data) e a de Jobst Gutknecht de 1520, escriben respectivamente *gebirg* e *gebuerg*.

³⁸ A edición de Estrasburgo (sen data) o mesmo que a de Jobst Gutknecht, de 1520, escriben *feronis*. Trátase, seguramente, ben de Voiron ben da veciña Moirans; dende este punto o camiño segue en gran parte o val do Isère.

³⁹ Eventualmente tamén *Aibon*, no exemplar de 1495; tanto a edición de Estrasburgo (sen data) como a de Jobst Gutknecht, de 1520, escriben *arbon*. John Durant, *Künig*, p. 8, identifica este lugar como L'Albenc; outras traducións identificano con Aibon; Arnold von Harff, ed. Groote, p. 220, menciona o lugar, certamente idéntico, de *Arbene*.

⁴⁰ Arnold von Harff, ed. Groote, p. 220, fala tamén da fabricación de peites de madeira de buxo, que naquela rexión medra en abundancia.

- 120 Despois de máis de media legua
tropezas cun castelo
e cun lugar que se chama *Fynit*⁴¹ e non é grande.
Despois, unha legua e media máis adiante, atopas unha pequena e fermosa cidade,
que se chama *Sankt Marcellyn*⁴².
- 125 Despois doutra boa legua pódeste alegrar,
pois entras nunha cidade que se chama *Sankt Anthonio*⁴³,
e ata aquel punto deixaches detrás cen leguas dende Einsiedeln.
Alí ves tamén moitos símbolos⁴⁴ pendurados.
Naquel mesmo sitio remata a moeda
- 130 que se chama os Karten⁴⁵.
Alí tes que trocar necesariamente o teu diñeiro
na nova moeda que se chama Hardys⁴⁶.
Alí atopas tamén un ou dous hospedeiros alemáns,
que te instrúen ben...⁴⁷.
- 135 Un deles chámase *Ryngeler*,
e pódete amosar ben todo isto.
Tes que ser moi cauto,
pois el é moi hábil e astuto.
Dende alí has de andar catro leguas máis,
- 140 entras así na cidade que se chama *Roman*⁴⁸,
en francés é chamada *Romannis*⁴⁹.

⁴¹ Vinay.

⁴² Saint-Marcellin.

⁴³ St.-Antoine (no Viennois); sobre a significación da orde dos antonianos para o apoio dos peregrinos v. Mischlewski, *Antoniterorden*, pp. 33-35. Esta significación dérivase tamén do feito de que para esta visita cumpría desviarse claramente cara ó norte saíndo do camiño que seguía o curso do Isère.

⁴⁴ Refírese a dádivas de exvotos, pois o mesmo St.-Antoine era un importante centro de peregrinaxe.

⁴⁵ Refírese, se cadra, ó *quarto* (cuarto) común na Savoia, unha moeda de vellón dos duques de Savoia, equivalente a 1/4 soldo groso e que estivo en circulación sobre todo nos séculos XIV a XVII; cfr. Schötter, *Münzkunde*, p. 542. Naturalmente, xa antes deste lugar deixábase Savoia e entrábase en Francia.

⁴⁶ Os hardís circularon especialmente a partir de 1467 como moeda fraccionaria corrente sobre todo na Francia meridional e occidental (cuñaxes de Luís XI de Francia). O termo dérivase de “farthing” (1/4 soldo groso), que foi introducido na Guiena e na Gascoña baixo a dominación inglesa; cfr. Schrötter, *Münzkunde*, p. 253.

⁴⁷ O texto *by fern sieplet zu gehen* non ten sentido; do campo da xermanística procede esta proposta de corrección (prof. Sappler, Tubinga): *by froun s'il vous plait zu ghen*, é dicir: pedirllas os seus favores ás mulleres. Curiosamente, a edición non datada de Estrasburgo escribe: *Die dir sagen, wie weit sie pflegen zuo gen* [que che din ata onde teñen o costume de ir, N.T.], e algo semellante di a edición de Jobst Gutknecht. Xa que logo, tamén as edicións tardías presentan unha “vaga claridade”. Tendo en conta a condición monacal de König, poderíase incluso pensar máis ben nunha interpretación: “in der Ferne s'il vous plait zu gehen”, é dicir, pedir apoio.

⁴⁸ Romans-sur-Isère.

⁴⁹ As outras dúas impresións tardías, empregadas aquí como referentes comparativos (a edición non datada de Estrasburgo e a de Jobst Gutknecht, de 1520), escriben aquí *Romanus*.

- Alí hai un bo hospital,
no que se distribúe pan e viño,
e tamén os leitos son limpos e cómodos.
- 145 Despois de tres leguas entras na bonita cidadiña de *Fallentz*⁵⁰,
despois doutra media legua chegas a *Liberon*⁵¹,
chamada en francés *Liberonis*.
Inmediatamente despois pasas un río⁵²,
entón tes que ser aforrador co teu diñeiro,
- 150 pola pasaxe tes que dar un hardyß⁵³ [e non máis].
Despois, media legua máis adiante, entras directamente
nunha cidade que se chama *Aureoli*⁵⁴.
Despois non te has de apurar en exceso:
ata unha pequena cidadiña hai catro leguas e media,
- 155 chámase *Monteloiki* ou *Azemarschnel*⁵⁵.
Outra legua máis adiante tropezas cun castelo,
que se chama *Castel de ratis* ou *Castel noue*⁵⁶.
Dende aquí andarás outra legua,
e atopas un castelo chamado *Dusera*⁵⁷.
- 160 Outra legua despois hai un castelo chamado *Petrasata*⁵⁸.
Dende alí deberás andar outro pouco.
Alí está situado un lugar que se chama *Pallude*⁵⁹.
Despois doutra legua máis entras de seguida
nunha cidade que se chama *Sanct Spiritus*⁶⁰.
- 165 Alí atopas unha ponte de fermosa construción,
eu creo que non ten igual.
Dúas leguas máis adiante atopas unha cidade chamada *Tresis*⁶¹,
e despois dunha legua máis outra de nome *Balneolis*⁶².

⁵⁰ Valence [Valença N.T.]. Aquí entrábase no val do Ródano, que a descrición segue agora en aval.

⁵¹ Livron-sur-Drôme [Libron, N.T.]

⁵² Paso do Drôme [Droma, N.T.].

⁵³ V. nota 46.

⁵⁴ Loriol-sur-Drôme [Lauriou, N.T.] .

⁵⁵ Montélimar [Montelaimar]; a edición non datada de Estrasburgo escribe *Montelorum - Azemarschnel*; a edición de Jobst Gutknecht escribe *Montelorum - Azemarschnell*.

⁵⁶ Châteauneuf-du-Rhône [Castelnou, N.T.].

⁵⁷ Donzère [Donzera, N.T.].

⁵⁸ Sen dúbida erroneamente por *Petralata*, como escriben tamén as outras dúas edicións tardías de referencia. Pierrelatte [Pierlata, N.T.].

⁵⁹ Lapalud.

⁶⁰ Pont-St.-Esprit [Pont Sant Esperit, N.T.].

⁶¹ Poderíase pensar nun trazado do camiño pasando a carón de St.-Nazaire, aínda que a min parécese máis probable por Tresques, que, por certo, debería aparecer despois de *Balneolis* (Bagnols). As indicacións das distancias en leguas permiten supoñer que estes dous topónimos foron erroneamente trocados un polo outro.

⁶² Bagnols-sur-Cèze [Banhous de Cese, N.T.].

- A unha legua hai unha que se chama *Bynum*⁶³,
 170 e dúas leguas máis adiante vén outra que leva o nome de *Valle brutunt*⁶⁴.
 Dúas aínda máis adiante estás a carón dunha cidade
 que se chama *Lucetia*⁶⁵.
 Alí hai un bispo.
 Tampouco esquezas visita-lo hospital.
 175 Tamén che dou o bo consello
 de que te aprovisiones de viño e pan.
 Igualmente deberás dispoñerte
 a mandar remendar alí os teus zapatos⁶⁶.
 Cando esteas a unha legua da cidade
 180 recoméndoche que pases por unha ponte.
 Alí ó lado ves un mosteiro,
 a partir de alí, á man dereita, deberás subir un monte⁶⁷:
 o camiño é fatigoso e cheo de pedras.
 Desde alí tes tres boas leguas
 185 ata *Nymaß*⁶⁸, unha fermosa cidade.
 Alí atopas unha torre, que foi edificada dun xeito inusual,
 e tamén un mosteiro, onde dan unha esmola⁶⁹:
 ‘dos agostiños’ tal debe se-lo seu nome.
 De seguido, despois de oito leguas, entras axiña
 190 nunha grande cidade que se chama *Mompelyr*⁷⁰.
 Has de saír da cidade cara á dereita⁷¹,
 e despois dunha legua atopas de seguida un castelo derruído,
 unha legua máis adiante tropezas de novo cun lugar.

⁶³ Le Pin.

⁶⁴ Vallabrix; na edición de 1495 lese *Valle brutunt*, probablemente erro de escrita por *Vallebrutum*, como poñen tamén as outras dúas edicións tardías de referencia.

⁶⁵ Uzès [Uzès, N.T.]; a súa serie episcopal pódese retrotraer documentalmente ata o século V; cfr. Duchesne, *Fastes épiscopaux*, I, pp. 314-316.

⁶⁶ A preocupación polo calzado élle urxente de novo máis tarde ó autor, v. verso 321; por certo, en Astorga os zapatos podían ser reparados mesmo en domingo, se cumpría facelo para peregrinos; cfr. os estatutos da irmandade de zapateiros de San Martiño de Astorga, do século XIII; cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, I, pp. 320 s. Disposicións semellantes rexían noutros lugares; V. probas documentais ibíd.

⁶⁷ A ponte tivo que pasar por riba do río Gard [Gardon]; a subida dende o fondo da gorxa ata o seu borde meridional é descrita aquí, certamente por iso, como especialmente difícil.

⁶⁸ Nîmes [Nîmes, N.T.]; a partir de aquí a descrición do camiño segue só aproximadamente a vía máis meridional das descritas na guía de peregrinos do século XII (Herbers, *Jakobsweg*, pp. 86 e 113-115); a ruta discorre en parte máis cara ó mediodía.

⁶⁹ *Prebende*, no texto; Hermann König refírese así polo regular ás dádivas que se lles ofrecían ós peregrinos como esmolos; cfr. sobre isto tamén xa os significados medievais de “praebenda”, Niermeyer, *Mediae Latinitatis Lexicon*, pp. 822 ss.

⁷⁰ Montpellier [Montpelher, N.T.].

⁷¹ Isto fai referencia aínda sen dúbida á saída de Nîmes; o castelo e o lugar citados a continuación non son identificables.

- Has de deixar detrás axiña as seguintes tres leguas,
 195 entón tropezas cun lugar que se chama *aquas mortis*⁷².
 Alí atopas de contado unha ponte a carón dun muíño,
 despois ves moitos castelos á beira dun lago.
 Entón has de dirixirte a un mosteiro,
 e non te desanimes polo camiño.
- 200 De *Nymaß*⁷³ ata *Mompelyr*⁷⁴ andaches oito leguas.
Mompelyr é unha cidade grande;
 está situada a trinta e seis leguas de *Doloß*⁷⁵.
 En *Mompelyr* aconsélloche que mires por una dádiva;
 nun mosteiro dan carne, viño e pan.
- 205 Vaite ó hospital do apóstolo Santiago⁷⁶ só se non tes máis remedio,
 alí os capóns⁷⁷ búrlanse de ti.
 Eles teñen baixo o seu dominio toda a casa,
 e o mestre do hospital non é afecto ós alemáns.
 Dende alí tes tres leguas ata un lugar que é pequeno
- 210 e, despois, ata un segundo lugar outra máis.
 Entón hai unha legua ata *Gyzanum*⁷⁸
 e dúas ata *Lupianum*⁷⁹.
 Ata *Tyberium*⁸⁰ tes catro leguas escasas
 e tres ata unha cidade que se chama *Bysere*⁸¹.
- 215 Alí atopas tamén unha ponte magnífica.
 Desde alí has de segui-lo teu camiño unha legua,
 entón atopas un castelo á man dereita
 e unha legua máis adiante unha cidade que se chama *Caput stagnum*⁸².
 A cidade ten tamén unha ponte e está á beira dun lago.

⁷² Aigues Mortes [Aigas Mortas, N.T.], o célebre porto construído baixo Luís IX, do que este saíu en 1248 e 1270 para as cruzadas.

⁷³ Nîmes [Nimes, N.T.].

⁷⁴ Montpellier [Montpelher, N.T.]. A cidade, cos seus 30.000 - 40.000 habitantes, contábase dende mediados do século XIV entre as máis grandes e ricas cidades de Francia.

⁷⁵ Toulouse [Tolosa, N.T.].

⁷⁶ Cfr. Coste-Messelière, *Sur les chemins*, p. 80.

⁷⁷ Cfr. nota 2.

⁷⁸ Gigean. Os dous lugares antes citados poderían ser St.-Jean-de-Vedas e Fabrègues.

⁷⁹ Loupian. Dende aproximadamente este punto ata Béziers o camiño seguía certamente a estrada romana, aínda hoxe parcialmente existente.

⁸⁰ St.-Thibéry; o mosteiro alí situado foi fundado a finais do século VIII e posto máis tarde baixo a protección papal.

⁸¹ Béziers [Besiers, N.T.]. A ponte cruzaba sobre o Orb: probablemente a ponte vella (“pont vieux”), preto da igrexa románica de St.-Jacques.

⁸² Capestang [Capestanh, N.T.]. O “Étang de Capestang” está hoxe seco na súa maior parte; o “Canal du Midi”, que pasa preto de Capestang, modificou a antiga topografía. O camiño descrito por König segue xa desde Béziers ata Castanet pola chaira en que máis tarde foi construído o “Canal du Midi”. Cfr. Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 66.

- 220 Dende alí percorrerás cinco leguas de camiño.
 No camiño non atoparás nada que beber nin que comer.
 Non esquéza-la túa cantimplora nin o teu bernal
 e abastécete con fartura de viño e pan.
 Isto hache de ser suguramente de proveito.
- 225 Atoparás dúas ou tres tabernas,
 pero de mala gana dan algo ós pobres irmáns.
 En ningún caso permitirás que te desanimes
 se algunha vez tropezas con xentes duras de corazón.
 Despois chegas a un castelo chamado *Cabasaccum*⁸³,
- 230 que é mellor que deixes á túa dereita.
 Dende alí, despois de tres leguas escasas, alcanzas *Ulmis*⁸⁴,
 e quédanche outras tres leguas ata *Marsilia*⁸⁵,
 despois dúas leguas ata *Trebiß*⁸⁶, unha bonita cidadiña,
 e unha legua ata unha cidade que se chama *Gargazon*⁸⁷.
- 235 Esta está situada a metade sobre un monte e a metade nun val.
 Alí atopas un bo hospital.
 Dende aquí hai cinco leguas escasas de camiño ata
 unha cidade que se chama *Villa pinta*⁸⁸.
 Alí has de pasar por unha ponte
- 240 e andar outra legua.
 Chegas así a *Allefrancken*.
*Castelnoue de arrio*⁸⁹ chámase [en romance] a cidade, segundo o meu recordo;
 os irmáns chámanlle a cidade do allo.
 Diante das portas hai un bo hospital.
- 245 Despois non te has de apurar en exceso,
 ata *Tolosa*⁹⁰ aínda tes oito leguas.
 Primeiramente hai dúas leguas ata unha cidade que se chama *Armeto*⁹¹
 despois outra legua máis ata *Fascio*⁹²;

⁸³ O lugar de Cabezac está situado a uns quince km ó poñente de Capestagn; as cinco leguas citadas no verso 220 constitúen, xa que logo, un dato errado ou refírense a outro tramo. Sobre a legua, cfr. supra nota 9.

⁸⁴ Homps.

⁸⁵ Marseillette.

⁸⁶ Trèbes.

⁸⁷ Carcassonne [Carcassona, N.T.].

⁸⁸ Villepinte. Unha ponte supera alí aínda hoxe o regato “le Fresquel”.

⁸⁹ Castelnaudary [Castelnoudari, N.T.]; cfr. o romance *arrio*, derivado do latino *allium*, allo.

⁹⁰ Toulouse [Tolosa, N.T.].

⁹¹ Probablemente Avignonet-Lauragais [Avinhon-Lauragués, N.T.]; cfr. tamén a nota seguinte.

⁹² *Fascio* é o que se pode ler na edición máis antiga, aínda que esta forma posiblemente se deba ben a un erro tipográfico ben a un tipo de imprenta desgastado; as dúas impresións tardías de referencia poñen *Fasesio*; se cadra, trátase de Villefranche-de-Lauragais; segundo Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 66, Armeto e Fasesio parece que foron destruídas con ocasión da contrucción do Canal du Midi (1666-1681).

- entón tes dúas leguas ata *Monteseart*⁹³;
- 250 a dúas leguas hai un hospital pouco antes da porta dunha cidade que se chama *Castaneto*⁹⁴.
Entón, despois dunha legua, dás directamente en *Tolosan*⁹⁵, unha cidade moi grande, fermosa e impresionante.
Dise que alí, polo visto, repousan seis apóstolos:
- 255 Filipe, Santiago e Bernabeu,
Santiago o Grande [o Vello], Simón e Xudas⁹⁶.
Cando déixe-la cidade, colles á man dereita, pasando unha ponte⁹⁷
e a unha legua atopas directamente un hospital.
Outra legua máis adiante encóntraste con oito tabernas
- 260 e un hospital, ó que podes acudir tranquilamente.
Unha legua despois atopas un castelo sobre un monte.
Ó pé do monte está a igrexa de san *Thonges*⁹⁸ a un tiro de arcabuz,
e na proximidade desta igrexa, nun val,
encóntraste de novo cun hospital.
- 265 Entón hai outra legua máis ata *Insula Jordanis*⁹⁹,
onde hai tamén unha boa ponte.
A unha legua, á man esquerda, hai un lugar
e despois doutra legua máis, á man dereita, un castelo.
Despois dunha legua chegas dereito a *Gemonte*¹⁰⁰
- 270 e despois doutra boa legua entras nunha cidade que se chama *Obiel*¹⁰¹.
Dende aquí hai dúas leguas ata a cidade de *Aust*¹⁰².
Alí hai unha prestixiosa sé episcopal,
alí podes pedir esmolos.
Entón, ata *Barran* hai dúas leguas¹⁰³.
- 275 Outra legua máis adiante hai un lugar chamado *Insula*¹⁰⁴
e preto dun lugar alí cerca un hospital.

⁹³ Montgiscard. As dúas impresións tardías de referencia escriben *Montescart*; tamén neste caso estamos certamente diante dun caso de erro tipográfico ou de material.

⁹⁴ Castanet-Tolosan.

⁹⁵ Toulouse [Tolosa, N.T.].

⁹⁶ Sobre as importantes reliquias apostólicas de Tolosa, entre elas as de Santiago, v. as dúbidas doutros relatores como, por ex., Rieter, Jlsung, Münzer, Harff, Boorde, cfr. Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*, pp. 74, 82, 138 s., 213, 225, 257. Está en preparación un traballo de A. Meyer sobre Tolosa.

⁹⁷ Sobre o Garona.

⁹⁸ Sen dúbida a igrexa de Santo Antón, aínda que a súa identificación é dubidosa; posiblemente é a dependencia dos antonianos de Pujaudran (cfr. Mischlewiki, *Antoniterorden*, mapa, n.º. 227), un pouco ó leste de L'Isle-Jourdain; neste caso a indicación de distancia en leguas sería moi imprecisa.

⁹⁹ L'Isle-Jourdain coa ponte sobre o Save [Sava, N.T.].

¹⁰⁰ Gimont.

¹⁰¹ Aubiert.

¹⁰² Auch; sobre os inicios de sé episcopal cfr. Duchesne, *Fastes épiscopaux*, 2, pp. 96 s.

¹⁰³ Barran.

¹⁰⁴ L'Isle-de-Noé.

- Despois segue unha cidade que leva o nome de *Montes gibo*¹⁰⁵.
 Unha legua despois hai un castelo directamente a carón dunha igrexa,
 e outra legua despois hai un castelo nun pobre estado.
- 280 E entón aínda falta unha legua ata *Marsiack*¹⁰⁶.
 Alí atopas unha praza de mercado cadrada
 e dous hospitais, cousa que has de ter en conta.
 Despois hai dúas leguas ata *Mamergeto*¹⁰⁷.
 Se vas alí ó hospital, tes que deitarte na palla;
- 285 na cidade atopas cousa mellor.
 Despois pasa sobre un río, cousa que che recomendo.
 Alí, sobre un monte, hai un pequeno lugar,
 nel está estendido o oficio de oleiro¹⁰⁸.
 Embaixo¹⁰⁹, ó pé do monte, atopas un sitio cun pozo.
- 290 Tes que andar outras dúas leguas,
 e entón chegas a unha aldea e a un hospital.
 O *Armeriackenland*¹¹⁰ chega ata *Rontzefal*¹¹¹.
 Dende aquí, despois de dúas leguas, encóntra-la cidadáña de *Morlaiß*¹¹².
 Despois tes que camiñar tres leguas por un páramo
- 295 e atopas un hospital nun bosque,
 e pouco despois chegas a un pequeno lugar.
 Entón tes que subir un monte,
 catro leguas máis adiante has de deixar *Arteß*¹¹³ á beira do camiño.
 A cidade está situada a carón dun monte e posúe un hospital,
- 300 tamén ten un castelo, que non vale nada.
 Unha legua máis adiante logo atopas un hospital,
 e outra legua despois unha cidade chamada *Ortesium*¹¹⁴.

¹⁰⁵ Montesquiou.

¹⁰⁶ Marciac.

¹⁰⁷ Maubourquet; o río sobre o que se pasa a continuación é o Echez.

¹⁰⁸ O altoalemán medio *ülner* refírese ó oleiro ou vendedor de louza; a edición non datada de Estrasburgo emprega aquí *hafner*. Häbler, *Wallfahrtsbuch*, p. 67, propón Nouilhan, pero esta localidade está situada na veiga do río; cómpre máis ben pensar nunha das situadas sobre unha cadea de montes que segue inmediatamente cara ó poñente.

¹⁰⁹ A edición máis antiga só permite a lectura *inden*, pero é evidente que o *u-* inicial non resultou completamente impreso, por un fallo técnico tipográfico. As dúas impresións tardías de referencia teñen respectivamente *unden* e *untent*.

¹¹⁰ Transformación acústica de Armagnac [Armanhac, N.T.].

¹¹¹ Roncesvalles.

¹¹² Morlaas. Curiosamente, Hermann König non menciona en absoluto o veciño Pau. A traza do camiño de König cambia neste punto e pasa da vía máis meridional dos camiños que figuran na guía de peregrinos de século XII ós camiños que superan os Pireneos por Roncesvalles.

¹¹³ Arthez. O hospital citado a continuación parece se-lo hospital da orde de Malta, documentado en 1220. Cfr. Vázquez de Parga e. o., *Peregrinaciones*, II, p. 64, nota 67.

¹¹⁴ Orthez [Ortés, N.T.]. A ponte leva sobre o “Gave de Pau”. A propósito do paso dos dous ríos, “Gave de Pau” e “Gave d’Oloron” [“Gave d’Aloron”, N.T.], a guía de peregrinos do século XII critica aínda ós barqueiros; cfr. Herbers, *Jakobsweg*, pp. 95 s.

- Alí hai dous hospitais antes da cidade.
 Naquel sitio pasa por unha ponte, tal é o meu consello.
- 305 Non te deixes levar moito polo desánimo,
 dende *Tolosa*¹¹⁵ avanzaches exactamente trinta leguas.
 Dende alí, despois dunha legua, chegas a un lugar e a un hospital.
 Outra legua máis e atopas unha taberna na que tes que paga-lo viño.
 Despois doutra legua entras en *Salua terra*¹¹⁶, toma boa nota disto.
- 310 Alí tes que pagar peaxe en floríns.
 Pasa despois unha ponte
 e aprovisiona a túa bolsa con *coroados*¹¹⁷.
 Polo paso tes que dar un coroadado.
 Tamén tes que administra-lo teu diñeiro con parsimonia.
- 315 A unha legua chegas a un hospital que está a carón dunha ponte.
 Outra legua máis adiante has de entrar en *San Blasio*¹¹⁸.
 Unha legua despois ves ó lonxe un hospital,
 e despois doutra legua máis encóntraste con catro tabernas.
 Alí hai un hospital, que has de visitar.
- 320 Dúas leguas despois vén unha pequena cidade na que fan cravos
 que os irmáns (de Santiago) espetan nos seus zapatos¹¹⁹.
 Dende aquí has de andar outra legua,
 entón encontras un hospital do que debes tomar nota.
 A unha legua hai un lugar que ten un muíño ó seu carón,
- 325 despois, tamén ó lado dun muíño, atopas unha pontella
 onde o camiño se divide en tres ramais.
 Alí tes que toma-lo do medio.
 Entón, a unha legua, atopas unha ponte a carón dunha igrexa.
 Outra legua máis adiante chegas a *San Johans stat*¹²⁰,

¹¹⁵ Toulouse [Tolosa, N.T.].

¹¹⁶ Sauveterre-de-Béarn [Sauvaterra, N.T.]

¹¹⁷ Esta moeda aínda circulaba certamente en Navarra, que naquela época aínda tiña posesións ó norte dos Pireneos. Sobre as moedas e os seus valores, cfr. Schrötter, *Münzkunde*, p. 114. En 1461, ó morrer Carlos de Viana, os dereitos hereditarios ó trono de Navarra pasaron á súa irmá Leonor, casada con Gastón IV de Foix-Béarn. A Navarra situada ó norte dos Pireneos era chamada tamén Baixa Navarra. A ponte, co seu paso, citados no contexto de Sauvaterra, poderían facer referencia, se cadra, á travesía dos dous ríos “Gave d’Oloron” e “Gave de Mauléon”, que conflúen un pouco máis ó poñente.

¹¹⁸ St.-Palais.

¹¹⁹ Sobre estes detalles prácticos da guía de Hermann König, cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 43. Podería tratarse de Larceveau; curiosamente, esta referencia á reparación dos zapatos atópase pouco antes da subida dos Pireneos e aproximadamente a media distancia entre Einsiedeln e Compostela, cfr. tamén a nota 66.

¹²⁰ St.-Jean-Pied-de-Port.

- 330 que ten tres posibilidades diferentes [de camiño]¹²¹.
 A carón da ponte, á man dereita, atopas un hospital.
 Cinco leguas máis adiante encóntraste directamente cun mosteiro,
 que está situado no alto do *Rontzefall*¹²².
 Tres leguas máis adiante chegas novamente a un hospital¹²³.
- 335 Entón seguen tres leguas considerablemente máis longas,
 ata que entras nunha cidade que se chama *Pepelonia*¹²⁴.
 E, cando pases pola ponte,
 podes pousar alí mesmo nun hospital¹²⁵,
 onde dan pan e viño.
- 340 Poco máis adiante atopas outro hospital, por se che cómpre.
 Despois podes entrar ben na cidade,
 na que vive o rei de *Nafern*¹²⁶.
 O seu reino esténdese por máis de 30 leguas de lonxitude
 e ten doce leguas de camiño de largo.
- 345 Nesta cidade dáse de beber e de comer a doce irmáns¹²⁷.
 A carón da igrexa principal, e isto non o has de esquecer,
 está, á man esquerda, o hospital de Nosa Señora¹²⁸.
 Alí dan de boa gana, por amor de Deus, polo que te debes aledar.
 Atopas tamén un hospital de Santa María Madalena¹²⁹.

¹²¹ A palabra empregada, *underscheydung*, segue sendo dubidosa, aínda que probablemente se trata dunha referencia a tres variantes do camiño para supera-los Pireneos, polo actual St.-Michel-le-Vieux, directamente polo paso de Ibañeta (a que máis tarde sería a ruta Napoleón) ou (como o fai a estrada automobilística actual) por Valcarlos; cfr. tamén Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 75. Recórdese que, segundo a guía de peregrinos do século XII, en Ostabat, ó norte dos Pireneos, confluían tres dos camiños principais (Herbers, *Jakobsweg*, p. 86); a cuarta ruta, procedente da Francia meridional, estaba trazada alí separadamente, polo paso de Somport atravesando Aragón cara a Puente la Reina. O itinerario de König, do mesmo xeito que outros relatos de peregrinación da Baixa Idade Media e da primeira Idade Moderna, combina esta ruta meridional co paso dos Pireneos por Roncesvalles.

¹²² Roncesvalles; o hospital dedicado a Santa María está documentado con seguridade dende os anos 30 do século XII, cfr. Schmutge, *Pilgerverkehr*, p. 45; cfr. as probas en Herbers, *Jakobsweg*, pp. 88 e 98-100. Chama a atención que para König, como para outros relatores do século XV, as tradicións carolinxias ligadas con este lugar xa non teñen unha importancia especial.

¹²³ Certamente en Larrasoña, onde existía dende o século XI un mosteiro de frades agostiños, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 111.

¹²⁴ Pamplona.

¹²⁵ Este hospital estaba situado despois da ponte da Madalena; existía xa dende o século XII, que inicialmente serviu sobre todo como hospital de leprosos, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 113 s.

¹²⁶ Navarra; a cidade aludida é Pamplona.

¹²⁷ Isto alude seguramente a unha fundación para o sustento de doce peregrinos da que fala máis amplamente Domenico Laffi no século XVII no seu relato de peregrinaxe; cfr. Laffi, *Viaggio*, ed. Sulai Capponi, p. 164, e tamén Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 116.

¹²⁸ Este hospital, atendido polos cóngos da catedral de Pamplona, existía dende o século XII; cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 115.

¹²⁹ Estaba situado na proximidade da ponte da Madalena; cfr. supra a nota 125.

- 350 Dende aquí has de seguir media legua polo camiño.
Entón chegas a un hospital a carón do predio de Santo Antón¹³⁰.
O seguinte hospital vén logo dunha legua e media de camiño, subindo¹³¹,
despois outro máis da outra banda do monte veciño¹³².
Ás dúas leguas chegas a *Ponteregina*¹³³,
- 355 alí hai dous hospitais, ós que podes ir¹³⁴.
Alí atopas tamén unha excelente ponte.
Despois dunha legua de camiño encontras á man esquerda un lugar.
Outras catro leguas despois veñen nun curto intre catro pontes,
debaixo da terceira hai unha fonte, da que podes beber, se che cómpre¹³⁵.
- 360 Pola cuarta accedes á cidade xudía,
que entre os romances se chama *Arcus*¹³⁶.
A catro leguas segue *Vianna*¹³⁷,
antes hai dous pozos,
e no camiño que leva ata alí hai catro hospitais.
- 365 Dúas leguas máis adiante atopas unha cidade chamada *Grüningen*¹³⁸,
esta é a primeira cidade en *Hispanien*¹³⁹.
O seu nome en romance é *Lagrona*.
Aquí tomas contacto con outra moeda:
os coroados xa non teñen valor,
- 370 en cambio teste que afacer ós marabedís¹⁴⁰.
Por outra parte, diante da cidade hai unha ponte.

¹³⁰ Este hospital, sen identificar, segundo Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 122, podería, para Mischlewski, *Antoniterorden*, p. 34, tratarse do establecemento antoniano de Olite, a sé da preceptoría da orde antoniana en Navarra (ibíd., p. 40 e o. e o mapa anexo); a verdade é que esta identificación parece pouco menos que imposible por mor da excesiva distancia.

¹³¹ Certamente o hospital da orde de San Xoán que existía en Cizar Menor dende o século XII, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 122.

¹³² Na proximidade de Astrain, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 123 s.

¹³³ Puente la Reina; o nome *Pons Reginae* (Ponte da Raíña) ten a súa orixe nunha ponte que dona Mayor, esposa de Sancho III de Navarra (1004-1035), mandou construír sobre o río Arga como axuda para os peregrinos; cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 124.

¹³⁴ Cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 124.

¹³⁵ Sobre as augas supostamente malas e mortíferas desta rexión cfr. as pasaxes na guía de peregrinos do século XII; Herbers, *Jakobsweg*, p. 72.

¹³⁶ Los Arcos. König resume aquí un gran tramo do camiño e, curiosamente, non menciona a Estella.

¹³⁷ Viana.

¹³⁸ Logroño.

¹³⁹ É dicir, en Castela, despois de atravesar previamente Navarra. Tamén Arnold von Harff (ed. Groote, p. 228) e Domenico Laffi (ed. Sulai Capponi, p. 169) fan empezar Castela en Logroño. Con todo, a fronteira entre os dous reinos non estivo sempre aquí durante a Idade Media.

¹⁴⁰ *Malmediß* no texto. As imitacións cristiás, de uso en España e en Portugal, do dinar de ouro cuñado dende 1087 polos almorávides chamábase marabedí, marabotino, morabítina ou almorabítino. Dende Afonso X de Castela (1252-1284) hai tamén marabedís brancos de vellón, dos que 60 equivalían a un marabedí de ouro. Dende 1474 valorábase o real en 34 marabedís. Cfr. Schrötter, *Münzkunde*, pp. 367 s.

- Despois atopas un pozo a carón dunha igrexa.
 Se queres, agora podes subir un monte;
- 375 nel atópase unha cova que é temible.
 A continuación vén unha ponte de boa feitura.
 Así xa deixaches atrás tres leguas dende *Nazareto*¹⁴¹.
 Pódeste aledar por *Názera*¹⁴²,
 alí dan amablemente [esmolos] por amor de Deus.
- 380 Nos hospitais sêrvete de bo grado,
 agás no hospital de Santiago,
 alí o persoal é francamente ruín¹⁴³.
 A dona do hospital comete moitas baixeiras cos peregrinos,
 pero as camas¹⁴⁴ son moi boas¹⁴⁵.
- 385 Sobre a cidade están situados tamén dous castelos.
 Camiña agora catro leguas ata *Dominicus*¹⁴⁶, cousa que che recomendo.
 No hospital atopas de beber e de comer.
 Non debes esquece-las galiñas¹⁴⁷ que hai detrás do altar,
 míraas ben.
- 390 Pensa que Deus fixo tódalas cousas tan marabillosamente,
 que aquelas saíron voando do espeto de asar.
 Eu sei con certeza que non se trata dunha mentira,
 pois eu mesmo contemplei o burato
 polo que unha galiña saíu voando detrás da outra,
- 395 e tamén o fogón sobre o que foron asadas¹⁴⁸.

¹⁴¹ Navarrete.

¹⁴² Nájera, capital temporal da Rioxa, ademais de panteón dos reis de Navarra; cfr. R. del Arco, *Sepulcros de la Casa Real de Castilla*, pp. 115-127.

¹⁴³ O *honer folck* do texto, lido como *hoenez volc* significa algo así como “persoal soberbio e malencarado”; esta interpretación é apoiada polos outros dous textos de referencia (*boeß volck*, edición de Estrasburgo; *hoenisch volck*, edición de Nuremberg).

¹⁴⁴ *Beite*, no texto impreso, que nós lemos *bette*; esta lectura vese corroborada polos dous textos tardíos empregados como referencia (edición non datada de Estrasburgo e a de Jobst Gutknecht, de 1520) (*beth* en ámbolos dous).

¹⁴⁵ Sobre esta cualificación dos hospitais e do modo de vida da Rioxa cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 157 s.

¹⁴⁶ San Domingos da Calzada / Santo Domingo de la Calzada, denominada así por San Domingos († 1109), que está sepultado na igrexa da localidade. O alcume procede da súa actividade como construtor de estradas. Sobre a historia da súa vida cfr. *Bibliotheca Hagiographica Latina* n.º. 2237. Sobre a obra de San Domingos cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 162-165.

¹⁴⁷ No texto impreso *huonlr*, que nós lemos *huener*, como escriben os outros dous textos de referencia.

¹⁴⁸ Sobre este, sen dúbida o máis coñecido dos milagres relacionados co camiño e cos peregrinos, cfr. o seu resumo en Plötz, “hunlr”. A historia milagrosa é coñecida como “milagre da forza e das galiñas” e figura no lugar correspondente en tódolos relatos de peregrinaxes. Aínda hoxe son criadas galiñas na igrexa de San Domingos. A primeira forma deste milagre aparece no *Liber Sancti Jacobi*, II, 5 (Whitenhill, *Liber*, pp. 267 s.), e alí acontece aínda en Tolosa; sobre as diferentes etapas do seu desenvolvemento cfr. Plötz, “hunlr”. Nompár de Caumont é o primeiro que presenta a historia completamente desenvolvida, poñéndoa en relación coas galiñas e con San Domingos da Calzada.

- Agora teste que abastecer de novo
e despois dunha legua, despois de pasar por unha fermosa ponte,
entras nunha cidade que se chama *Graneon*¹⁴⁹.
Dende aquí has de andar outra legua
- 400 ata unha cidade que se chama *Redihile*¹⁵⁰.
Entón, a moi pouca distancia, atopas un hospital
e tes aínda dúas leguas ata entrar nunha cidade que se chama *Dolorosa*¹⁵¹.
Nela dan tamén esmolos.
Alí has de pasar axiña por unha ponte.
- 405 Ademais todo irmán ha de tomar nota
de que alí está o hospital dos cabaleiros¹⁵².
Dende aquí tes tres leguas ata *Vylfrancken*¹⁵³,
alí pensa no hospital da Raíña,
nel danlles xenerosas esmolos ós irmáns¹⁵⁴.
- 410 Non esteas moi ansioso por beber da fonte que burbulla,
porque a moitos irmáns non lles presta.
Despois has de subir un monte¹⁵⁵,
pero non te apures en exceso.
Ata *Burgeß*¹⁵⁶ aínda tes sete leguas.
- 415 No alto do monte o camiño bifúrcase,
cal dos dous escollas tanto ten¹⁵⁷:
o da dereita leva a un hospital¹⁵⁸, pero ata el aínda hai un longo camiño,
o esquerdo leva a unha taberna.
Entón pasas unha magnífica ponte,
- 420 deste xeito entras axiña en *Burges*.
Na cidade hai 32 hospitais.

¹⁴⁹ Grañón.

¹⁵⁰ Redecilla del Camino.

¹⁵¹ Belorado.

¹⁵² Podería tratarse dun hospital da orde dos Cabaleiros [de Xerusalén?, N.T.], que, certamente, só está documentado en Künig.

¹⁵³ Villafranca de Montes de Oca.

¹⁵⁴ As boas racións deste hospital son loadas tamén no século XVII por Domenico Laffi, ed. Sulai Capponi, p. 178; no século XVIII había aínda catorce camas para homes, catro para mulleres e catro para clérigos, nove para homes enfermos e cinco para mulleres enfermas, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 171.

¹⁵⁵ Trátase dos “Montes de Oca”.

¹⁵⁶ Burgos.

¹⁵⁷ O camiño bifúrcase preto de Valdefuentes; o ramal da dereita pasa por San Juan de Ortega co seu hospital, o da esquerda pasa por Arlanzón. Esta encrucillada de camiños é citada tanto por Arnold von Harff (ed. Groote, p. 229) como por outros relatos de peregrinos.

¹⁵⁸ Refírese a S. Juan de Ortega, co panteón do santo. Tamén San Xoán, como discípulo de San Domingos da Calzada (cfr. nota 146), foi un importante “arquitecto” a carón do camiño no curso do século XII; despois da súa peregrinaxe a Terra Santa fundou un refuxio para peregrinos, que atendían os cóengos agostiños e en 1138 foi posto baixo protección papal (*España Sagrada*, XXVII, 363 s.).

- O Hospital Real supera a tódolos outros¹⁵⁹,
 nel recíbese de beber e de comer con fartura.
 Tampouco debes pasar por alto o hospital *Hennikyn*¹⁶⁰,
 425 nel encontras boas camas e esmolos.
 Pero tamén podes acudir ó hospital dos Cabaleiros¹⁶¹.
 A cidade ten moitas torres fermosas.
 O irmán que queira ve-la columna,
 contra a que foi morto a disparos o mestre de hospital¹⁶²
 430 que envelenara a 350 irmáns,
 mantéñase, cando pase a ponte, á man dereita,
 pois aquela vén de contado e está a carón do hospital do Rei.
 Entón xa non che queda moito ata un muiño
 no que dan esmolos a todos cantos as queren coller.
 435 A partir de alí atopas catro hospitais nas seguintes sete leguas e media.
 Entón encóntraste coa igrexa de San *Thongues*¹⁶³; podes apurar para ir ata ela.
 Alí danche o pan que precisas.
 Media legua máis adiante chegás a un castelo que se chama *Fritz*¹⁶⁴.
 En alemán chámase a cidade longa.
 440 Nela hai catro hospitais.
 Ás dúas leguas hai unha ponte á beira dun lugar¹⁶⁵,
 outras dúas leguas máis adiante vén un hospital, no que podes pousar¹⁶⁶.
 A unha legua atopas un hospital que está a carón dunha ponte¹⁶⁷.
 Dúas leguas despois vén aínda outro ó que podes ir.
 445 Unha legua máis adiante atópaste cunha cidade que se chama *Garrion*¹⁶⁸.

¹⁵⁹ Sobre o Hospital del Rey cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 188-190; cfr. ib. tamén sobre outros hospitais de Burgos.

¹⁶⁰ *Hennikyn*, como forma hipocorística de Johannes refírese certamente a un hospital de San Xoán ou dos hospitalarios. Un hospital de San Xoán xa está documentado no ano 1085; con todo, o mesmo hospital, no século XV foi chamado habitualmente hospital do papa Sixto, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 184-186.

¹⁶¹ Refírese, ó mellor, a un hospital dos Cabaleiros, de difícil identificación.

¹⁶² Sobre esta historia, que ocupa un espazo importante tamén na canción de peregrinos “Wer das elend...”, cfr. Herbers, en: “Santiago, Camino” (*Catálogo da exposición*, Santiago, 1993), p. 477, así como Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*, p. 154 e 158 ss. Deste relato, substancialmente máis preciso, dedúcese que o mestre de hospital foi sen dúbida aseteado.

¹⁶³ Refírese, sen dúbida, á igrexa de Santo Antón, que probablemente haberá que identificar coa casa da orde dos antonianos documentada en Castrojeriz (cfr. Mischlewski, *Antoniterorden*, p. 34, cos índices e o mapa correspondentes). En Castrojeriz estaba situada a preceptoría da orde dos antonianos correspondente a España (ib., p. 40). As ruínas do edificio, esencialmente gótico, do s. XIV, aínda se poden contemplar hoxe.

¹⁶⁴ Castrojeriz; transformacións semellantes deste topónimo atópanse tamén nas demais linguas románicas, como, por ex., en francés a denominación “Quatre souris”.

¹⁶⁵ Seguramente se refire a San Nicolás de Itero, onde hai un paso sobre o río Pisuerga; o hospital foi reinaugurado como hospital de peregrinos en 1994.

¹⁶⁶ Refírese probablemente a Frómista.

¹⁶⁷ Probablemente Población de Campos.

¹⁶⁸ Carrión de los Condes.

- Ten unha ponte que é admirable.
 Alí en dous mosteiros dan viño e pan¹⁶⁹.
 Tamén podes buscar pousada en dous hospitais alén da ponte, se che cômpre¹⁷⁰.
 Unha legua máis adiante atopas unha casa de labranza¹⁷¹,
 450 alí danche pan nunha cantidade limitada.
 Tamén hai alí un hospital e a unha legua outro máis
 e a unha legua aínda outro, no que, como aquí oes,
 dan viño e pan.
 Outra legua máis adiante vén unha igrexa que ameaza ruína.
 455 Nas proximidades hai dous lugares, unha igrexa e unha ponte
 e unha cidade que se chama *Saguna*¹⁷².
 Ten auga mala¹⁷³ e catro hospitais¹⁷⁴.
 Alén da ponte todos poden recibir viño e pan
 nun hospital ó que debes procurar ir.
 460 Entón tes sete leguas ata unha cidade que se chama *Mansilo*¹⁷⁵.
 Podes entrar nela sen ningunha preocupación¹⁷⁶,
 alí atopas tres hospitais bos.
 Despois veñen seguidas dúas pontes¹⁷⁷.
 Ás dúas leguas segue *Leon*¹⁷⁸, unha cidade que xa é ben grande.
 465 Nela atopas hospitais dabondo¹⁷⁹.
 Vaite ó hospital de *Sankt Thonges*¹⁸⁰, se a ocasión se presenta.
 Alí tamén se poden merca-los símbolos de Santiago¹⁸¹.

¹⁶⁹ Un deles era sen dúbida o convento de San Zoilo, fundado no século XI; os relatos dos milagres de San Zoilo estaban relacionados de moitas maneiras cos peregrinos e co camiño da peregrinaxe (cfr. Herbers, *Miracles*, p. 29, nota 98).

¹⁷⁰ Os hospitais e lugares citados a continuación non son identificables con toda seguridade, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 217 s., nota 50.

¹⁷¹ Se cadra, Terradillos de los Templarios (posiblemente ó lado de San Nicolás del Camino); cfr. Plötz, *Iter Peregrinorum*, nas notas 83 e 90 (no prelo).

¹⁷² Sahagún. Os dous lugares previamente citados poderían ser Terradillos e San Nicolás.

¹⁷³ Curiosamente, a auga do río Cea, ó lado de Sahagún, é cualificada de boa na guía de peregrinos do século XII (cfr. Herbers, *Jakobsweg*, p. 93).

¹⁷⁴ Entre estes catro hospitais deberían atoparse o hospital situado a carón da ponte sobre o Valderaduey (cfr. os dous versos seguintes) e o do convento, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 225.

¹⁷⁵ Mansilla (de las Mulas).

¹⁷⁶ *Fry* está, ó mellor, en relación coa cantidades que cumpría pagar, como Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 236, propón como única posibilidade.

¹⁷⁷ Despois da ponte sobre o río Esla, preto de Mansilla, aínda se pasaban o río Curueño e o río Torio antes de León.

¹⁷⁸ León.

¹⁷⁹ Cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 253 s., que fala de 17 hospitais.

¹⁸⁰ Santo Antón; refírese probablemente a unha dependencia da orde antoniana; cfr. Mischlewski, *Antoniterorden*, p. 34.

¹⁸¹ Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 256, pon isto en relación co hospital de San Marcos. A venda de distintivos de peregrino estaba reservada en principio á meta da viaxe e non era habitual ó longo do camiño; sobre os distintivos de peregrino en xeral cfr. Köster, *Mittelalterliche Pilgerzeichen* e id., *Pilgerzeichen und Pilgermuscheln*.

- Alí a estrada divídese en tres ramais:
un leva cara a San *Saluator*¹⁸²,
- 470 entón terías que saír da porta alta;
ou, se queres dirixirte cara a *Storgeß*¹⁸³,
entón has de pasar sobre tres pontes
e despois has de subir unha costa;
alí atopas ergueita unha gran cruz de ferro,
- 475 alí teste que dirixir cara á esquerda,
entón chegas sen demora a *Storgeß*.
Pero, se queres segui-lo meu consello,
has de coller pola dereita,
entón non che cómpre superar ningún monte,
- 480 déixalos quedar todos á man esquerda.
Códate do *Rabanel*¹⁸⁴, tal é o meu consello.
Por este camiño logo chegas a *Bonforat*¹⁸⁵.
Primeiro has de preguntar polos camiño de *Sankt Maurin*¹⁸⁶,
e deixa quedar *Storgeß* tres leguas á túa esquerda,
- 485 entón atopas un lugar detrás doutro,
e estás entre boa xente e avanzas en seguridade,
e danche de bo grado viño e pan
nos arredores de *Bonforat*.
Na cidade hai un importante castelo.
- 490 Dende aquí tes tres leguas ata *Kacafeloß*¹⁸⁷,
entón tes cinco leguas ata *Willefrancken*¹⁸⁸,
alí bebe o viño con sentido,
porque a máis dun quéimalle o corazón,
que se apaga coma unha candeia.
- 495 Dende aquí has de ir por unha ponte
e por outra aínda; agora tesme que entender ben:
se non queres colle-lo camiño polo monte *Allefaber*¹⁸⁹,

¹⁸² San Salvador de Oviedo; sobre a competencia do culto do Salvador co culto do apóstolo, así como sobre as cada vez máis investigadas “rutas do Norte” cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 457-496, Ruiz de la Peña Solar e o., *Peregrinaciones a San Salvador*, cos artigos alí recollidos.

¹⁸³ Astorga.

¹⁸⁴ Rabanal del Camino ou o paso do Rabanal. Sobre as intencións de König por evitar dentro do posible a subida de montes cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, pp. 39 s. A ruta que König propón, un pouco máis ó norte, identifícase seguramente coa ruta polo paso de Manzanal; cfr. tamén Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, pp. 286 s., así como o mapa de Herbers, p. 31.

¹⁸⁵ Ponferrada.

¹⁸⁶ Santa Marina.

¹⁸⁷ Cacabelos.

¹⁸⁸ Vilafranca do Bierzo, coa coñecida “Puerta del perdón” na igrexa de Santiago.

¹⁸⁹ Paso do Cebreiro. Tamén neste punto quere König axudar a evita-lo duro e montañoso camiño, cfr. nota 184. A súa proposta describe un camiño máis setentrional, por Lugo.

- déixao quedar á esquerda
e á altura da ponte desvíate á dereita.
- 500 Ás dúas leguas atopas axiña un lugar.
Dende alí andarás outras cinco leguas,
entón atopas un lugar que está situado sobre un empinado monte¹⁹⁰.
Catro leguas máis adiante entras na cidade de *Lucas*¹⁹¹,
alí, alén da ponte, hai unhas augas termais¹⁹².
- 505 A cidade está construída dun xeito pouco común,
por iso todos a contemplan con agrado.
Despois, aconséllоче que, ó lado dos baños, pases por unha ponte,
tes así nove leguas ata a cidade destruída.
Alí atopas un hospital que non ten moito valor¹⁹³.
- 510 Despois de nove leguas chegas a Sankt Jakob, se che está concedido,
na cidade de *Compostell*¹⁹⁴, que leva o seu nome;
por poderen gozar en boa saúde desta vista,
para o que teñen que estar sobre un monte¹⁹⁵,
a carón dunha cruz ó lado da que hai unha gran morea de pedras¹⁹⁶.
- 515 Agora que María, a virxe pura, nos axude,
co seu amado fillo,
a acudir con recollemento ó encontro do Santo Xacobe
e a obter despois desta vida a nosa recompensa
e a recibi-la coroa celestial¹⁹⁷,
- 520 que Deus lles deu ó Santo Xacobe
e a tódolos santos, que viven para sempre.

¹⁹⁰ Probablemente se refire a Pedrafita; tamén podería ser Becerreá.

¹⁹¹ Lugo, coa súa muralla de orixe romana que aínda hoxe existe.

¹⁹² Á beira do río Miño, antes da ponte, aínda se ven hoxe arcos e ocós tapiados con ladrillos que na época romana formaban parte dunha instalación termal. As fontes de auga quente nacían, como nas Burgas de Ourense, a carón do río; cfr. Otero Pedrayo, *Guía de Galicia*, p. 260.

¹⁹³ Ó mellor, Melide, poboación onde, agás a mudada fachada da igrexa (San Pedro), non resta ningún monumento anterior ó século XIV, cfr. Vázquez de Parga e o., *Peregrinaciones*, II, p. 345. A súa situación case equidistante de Lugo e Santiago favorece tamén esta lectura, do mesmo xeito que o feito de que os peregrinos procedentes de Oviedo (Lugo) pasaban por aquí: cfr. un documento do 8 de xaneiro de 1375 (*chaman do camiño do Ovedo*), ed. Carro, Campos, F. Ojea, *Terra de Melide*, p. 292. Ó seu lado había un albergue de peregrinos.

¹⁹⁴ Santiago de Compostela.

¹⁹⁵ Sen dúbida, o *Mons Gaudii* ou Monte do Gozo, dende o que se contemplaba por primeira vez a cidade de Santiago, cfr. a denominación documentada nas fontes do século XII, v. ademais da guía de peregrinos do século XII (Herbers, *Jakobsweg*, pp. 94 e 133), tamén a *Historia Compostellana*, I, 20, ed. E. Falque Rey, p. 46 et saepe; a significación da primeira visión do lugar santo dende unha elevación do terreo non está limitada a Santiago de Compostela; algo similar sucedía, como é sabido, en Xerusalén e Roma: cfr. sobre Roma, Herbers, *Stadt und Pilger*, p. 199 ss. Sobre a evolución semellante de Aquisgrán cfr. H. Haupt, “Montjoie-letzte Station französischer Pilger zur Aachener Heiligtumsfahrt”, en: *Eremit am Hohen Venn* 23 (1951), pp. 63 s.

¹⁹⁶ A cruz situada sobre o *Mons Gaudii*.

¹⁹⁷ Cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, pp. 44 s.

- Amén.
 Agora quero eu poñerme de novo, no nome de Deus,
 a dar noticia dos camiños tal como transcorren pola vía baixa¹⁹⁸.
- 525 Se queres volver de novo á casa dende Santiago,
 entón colle o camiño de retorno a *Burgß*¹⁹⁹.
 Alí, diante da cidade, atopas un cruceiro de pedra ergueito,
 a carón del has de ir cara á esquerda.
 Alí podes preguntar por onde se vai cara ó *Porten berge*²⁰⁰.
- 530 Dende aquí, ó longo de 26 leguas, non atopas moitos lugares ou cidades.
 Pero, se te queres dirixir cara ó paso de *San Niclaß*²⁰¹,
 non has de tomar por este camiño
 e manteraste á man dereita.
 Entón vas directamente a *Straßburg*²⁰².
- 535 Tamén podes, a carón do cruceiro, atallar á man dereita,
 e segues pola vía alta²⁰³ ata *Pompelonia*²⁰⁴.
 Pero, entón, máis alá da cidade segues por un camiño en baixada.
 Vira a carón do hospital, tal é o meu consello, cara á esquerda
 e deixa-las augas²⁰⁵ á man dereita.
- 540 Chegas así, despois de 16 leguas, directamente a *Byon*²⁰⁶.
 Ás catro leguas atópaste cun hospital nun lugar.
 Entón o camiño sobe por un alto monte arriba.
 Alí atopas, despois de catro leguas, un hospital que é bo.
 Nel trátase con amabilidade ós irmáns peregrinos.

¹⁹⁸ *nyderstrassen*; a distinción que König fai entre vía alta e vía baixa [ou v. superior / v. inferior, N.T.] foi entre tanto amplamente recollida pola investigación.

¹⁹⁹ Burgos.

²⁰⁰ Trátase, con seguridade, do Porto de Santo Adrián, no que un túnel natural atraves a rocha; cfr. a representación gráfica de Braun / Hogenberg, *Civitates orbis terrarum*, descrito por R. Plötz en: *Santiago de Compostela. 1000 ans de pèlerinage Européen. Catálogo da exposición* (Gante, 1985), p. 281, n.º. 142. Este camiño é descrito tamén na canción dos peregrinos “Wer das elend”, cfr. Herbers / Plötz, *Nach Santiago zogen sie*, p. 158 con nota 36, que fala tamén do *Pfortenberk*. Esta expresión, *Pfortenberg*, interpreta o lat. “portus” ou o español “puerto” xa non como paso, senón como porta, cfr. tamén Hard, “Is leigen fünf Berg”, p. 321.

²⁰¹ Krüger, *Widersdorf*, pp. 427-429, sostivo a opinión de que este verso e o seguinte foron erroneamente colocados neste lugar dentro do itinerario de König e que terían o seu sitio máis adiante nun punto en que König describe a bifurcación que leva a Widersdorf / Metz (versos 586 ss.). Así, o autor non se referiría a ningún lugar denominado San Nicolás situado no contorno dos Pirineos, senón ó lorenés St.-Nicolas-de-Port. Isto daría mostra dos coñecementos de terreo do autor en Lorena e Alsacia. Este último suposto está en contradicción, en certo xeito, con aqueloutro que pretende unha orixe medioalemana do autor e, así mesmo, co feito da descrición substancialmente máis pormenorizada que o autor fai doutras rutas.

²⁰² Estrasburgo.

²⁰³ Sobre as vías alta e baixa cfr. notas 6 e 198.

²⁰⁴ Pamplona.

²⁰⁵ Podería referirse ó río Arga.

²⁰⁶ Bayonne [Baiona, N.T.].

- 545 Chámase *Monte sancta maria*²⁰⁷.
 Seis leguas máis adiante chegas directamente a *Byon*.
 Dende alí tes 36 leguas a través do páramo de *Bardewesch*²⁰⁸,
 que lles trae moito sufrimento ós pobres irmáns (peregrinos)
 aprovisiónate de pan e auga.
- 550 Eu dígoche como é: quen alí cae enfermo
 é deixado só polos romances,
 que enterran moitos irmáns (peregrinos)
 que alí morren de fame,
 pois, faltos de asistencia, necesariamente teñen que perecer.
- 555 Nesta rexión non atopas moitos hospitais.
 Nas últimas oito leguas dan esmola sete veces.
 Pero, se queres ir polo páramo pequeno, cousa que non che aconsello,
 chegas ás augas temais de *Ax*²⁰⁹.
 Pero van tantos irmáns (peregrinos) por esta ruta,
- 560 que a xente se resiste a dar nada.
 Ademais esta vía dá un rodeo
 e moitos pérdense nela e prolongan aínda máis o camiño.
 Eu aconséllоче que síga-lo camiño directo ata *Bardewesß*²¹⁰.
 Alí hai moitas cabazas á venda
- 565 e podes pedir esmola, se che cómpre.
 Na cidade dan de bo grado viño e pan.
 Alí tamén podes administrar ben o teu diñeiro,
 posto que tes que dar moito para a pasaxe²¹¹.
 Pola auga tes sete leguas ata *Ble*²¹².
- 570 Alí podes acudir a un mosteiro por unha esmola.
 Dende alí tes oito boas leguas ata *Ponß*²¹³
 e catro ata *Sentes*²¹⁴; alí ten en conta
 que dan esmolos onda o *ydroke*²¹⁵.
 Despois, onde remata a ponte, atopas un mosteiro.

²⁰⁷ Refírese posiblemente a Mont-de-Marsan [Lo Mont de Marsan, N.T.] (Mons Sanctae Mariae), aínda que a atribución a un hospital non deixa de ser estraña.

²⁰⁸ Con esta expresión Künig refírese á rexión das landas, contra a que prevén xa a guía de peregrinos do século XII, cfr. Herbers, *Jakobsweg*, p. 95. O concepto empregado por Künig está derivado sen dúbida do termo alemán para Burdeos, é dicir, Bordeaux-isch [= bordelés, N.T.].

²⁰⁹ Dax.

²¹⁰ Bordeaux.

²¹¹ Refírese á pasaxe a través da foz do Garona.

²¹² Blaye. Nin a propósito de Blaye nin tampouco de Saintes refire Künig nada sobre as tradicións carolinxias, documentadas no *Pseudo-Turpin*, que a guía de peregrinos do século XII recolle, cando menos, ó tratar de Blaye (Herbers, *Jakobsweg*, p. 130).

²¹³ Pons, onde existían tradicións xacobeas propias.

²¹⁴ Saintes.

²¹⁵ Eutropio, o santo unido a Saintes; Eutropio pasa por ser, dende o século VI, o primeiro bispo de Saintes, no séc. I; cfr. Gaiffier, *Sources*, p. 57. A historia da súa vida e paixón está amplamente recollida na guía de peregrinos do século XII; cfr. Herbers, *Jakobsweg*, pp. 126-129, con máis documentación.

- 575 Dende aquí chegas a *Allesion*²¹⁶,
 alí atopas un castelo, que é fermoso.
 Dende aquí haste de dirixir cara a *Butyrß*²¹⁷,
 despois a *Schattelareye*²¹⁸,
 despois a *Sankt Katheryn*²¹⁹, que ten unha fermosa igrexa.
- 580 Despois entras na cidade de *Thorß*²²⁰.
 En francés chámase *Touron*.
 A igrexa de *Sankt Martins* é fermosa,
 has de entrar nela con recollemento,
 alí repousa o querido señor *San Martin*²²¹.
- 585 Dende alí moitos irmáns (peregrinos) desvíanse cara á dereita
 e a través do *Westerich*²²² chegan ó país alemán.
 Alí pódeste recuperar das túas penalidades.
 Por este camiño podes ir cara a *Widerßdorff* ou *Metz*²²³,
 alí podes conversar coa xente [na propia lingua].
- 590 Despois vas dende *Thorß* a *Amboß*²²⁴,
 alí xace o fillo do rei de Francia²²⁵.
 Despois segue *Blese*²²⁶, unha cidade que é moi notable.
 Alí deixas quedar á túa dereita unhas augas²²⁷.
 Despois están situadas tres cidades que se seguen inmediatamente.
- 595 Entón recolle esmola na corte dun bispo, isto aconséllocho eu.
 Máis adiante está ante ti *Orliens*²²⁸, unha cidade moi fermosa.
 Despois desta repara nunha cidade que se chama *Stampoß*²²⁹.

²¹⁶ Lussignan.

²¹⁷ Poitiers.

²¹⁸ Châtellerault.

²¹⁹ Ste.-Catherine-de-Fierbois. Alí collería Xoana de Orléans († 1431) a espada para loitar contra os ingleses.

²²⁰ Tours.

²²¹ San Martiño, bispo de Tours (371-397); a igrexa de San Martiño está, xunto coa de Compostela e outras tres, entre as chamadas igrexas románicas de ‘peregrinaxe’; sobre a dependencia arquitectónica de San Martiño de Tours cfr. as explicacións, hoxe moito máis precisas, de, por exemplo, Durliat, *Pèlerinages et architecture*; Sedlmayer, *Saint-Martin de Tour im elften Jahrhundert*, así como Williams, *Arquitectura*, pp. 278-280. Aínda no curso da Baixa Idade Media o culto de San Martiño, segundo parece, mantivo certa competencia co culto de Santiago, cfr. Herbers, *Miracles*, pp. 18 s.

²²² Westreich [= Imperio occidental, contraposto a Ostreich [Österreich], N.T.] designaba frecuentemente na Baixa Idade Media a Lorena.

²²³ Widersdorf e Metz; cfr. o traballo de Küger citado na nota 201, que propón introducir neste lugar os versos 531-534.

²²⁴ Amboise.

²²⁵ Esta localidade estaba unida dun xeito especial á casa real de Francia, cfr. Audard, *Dictionnaire d’Histoire et Géographie Ecclésiastiques* 2, col. 1048; con todo, segue envolto na escuridade a quen alude König. Carlos VIII morreu en 1497 en Amboise e só máis tarde foi trasladado a St.-Denis.

²²⁶ Blois.

²²⁷ Debería tratarse do Loira.

²²⁸ Orléans.

²²⁹ Étampes.

- Despois está situada *Herym*²³⁰ visible sobre un monte ante ti.
 A continuación logo chegas a *Paryß*²³¹.
- 600 Alí vai todo aquel que quere ser instruído
 nas artes²³² e no dereito canónico ou no civil.
 Non vin unha cidade sobre a Terra que se lle iguale.
 Dende a cidade tes 28 leguas ata *Annon*.
 En francés chámase *Hamyenß*²³³ e é moi fermosa.
- 605 Dende aquí, tras 14 leguas de camiño en liña dereita, entras
 nunha grande cidade que se chama *Harraß*²³⁴.
 Agora pon moita atención no que eu che digo:
 Has de andar dúas leguas dende *Paryß* ata *Sankt dionysius*²³⁵.
 Entón, cinco leguas máis adiante, atopas un hospital,
- 610 a carón dun gran castelo á beira dun gran val²³⁶.
 A tres leguas das un penique pola pasaxe²³⁷.
 Atópaste despois cun mosteiro, que non debes deixar de lado,
 é da denominación da orde de San Bieito²³⁸.
 Catro leguas despois chegas axiña a *Cleremon*²³⁹.
- 615 A tres leguas atopas un lugar,
 catro leguas despois un mosteiro²⁴⁰ en que podes pousar.
 A unha legua de aí teñen unha casa os cabaleiros teutónicos²⁴¹.
 Entón ves *Hamyenß* ó lonxe.
 Despois de 16 leguas chegas directamente a *Harraß*.
- 620 En francés a cidade chámase *Tribatum*.
 Tes seis leguas ata *Thobaie*²⁴² que son moi longas,
 dende alí oito ata *Sankt fallentius*²⁴³.
 Dende aquí hai sete leguas ata *Bergen* do *Henegaw*²⁴⁴.
 Ás tres leguas chegas a *Sone*²⁴⁵, se apuras.

²³⁰ Posiblemente Monthéry.

²³¹ París.

²³² Refírese sen dúbida ás “artes liberais”, tal como eran ensinadas na facultade parisiense das Artes.

²³³ Amiens.

²³⁴ Arrás.

²³⁵ A abadía de St.-Denis, ó norte de París, do tempo dos merovinxios.

²³⁶ Ó mellor a abadía de Royaumont, mosteiro cisterciense fundado en 1228, que tamén podía dar pouxada a peregrinos.

²³⁷ Refírese ó paso do Oise.

²³⁸ Posiblemente se refire a Ste.-Maure-Ste.-Brigide de Nogent-sur-Oise, igrexa pertencente á abadía beneditina de Fécamp; cfr. Durant, *Künig*, p. 21.

²³⁹ Clermont, ó leste de Beauvais.

²⁴⁰ Non identificado.

²⁴¹ Isto tense que referir a unha dependencia da orde dos cabaleiros teutónicos.

²⁴² Douai.

²⁴³ Valenciennes.

²⁴⁴ Bergen (Mons) do Hennegau (Hainaut).

²⁴⁵ Soignies (Zinnik).

- 625 Dende aquí hai unha legua ata *Brenlekont*²⁴⁶.
 Ás tres leguas entras directamente en *Hall*²⁴⁷.
 Dende aquí hai tres leguas ata *Prüsszel*²⁴⁸.
 Dende aquí andas rapidamente catro leguas ata *Lofen*²⁴⁹,
 de seguido tres ata *Ditsch* e sete ata *Tricht*²⁵⁰
- 630 e catro ata *Ach*²⁵¹, alí debes confesa-las túas culpas
 e debes dar grazias e loores a Deus e a María,
 por chegares san ata alí,
 e debes servir con fervor a Deus e a María.
 Deste xeito podes obter proveito das grazias
- 635 que moitas xentes de países afastados buscan alí²⁵².
 Librenos María da pena da morte eterna
 e obteña grazia para nós, pobres pecadores,
 para que non caíamos na condenación eterna,
 senón que contemplemos eternamente a Deus e a Santiago
- 640 e a tódolos santos de Deus e a Nosa Señora.
 Amén.
 Eu, Hermannus König, irmán da orde dos Servitas²⁵³,
 pasei ó papel este libríño,
 que leva o nome “Sankt Jakobs Strasse”.
- 645 Non permita Deus que eu morra nunca
 se, entón, eu non podo permanecer eternamente ó seu carón.
 Foi escrito no ano 1495,
 o día da santa muller Santa Ana²⁵⁴.
 Que Deus nos defenda dos lazos da morte eterna.
- 650 Amén.

²⁴⁶ Braine-le-Comte.

²⁴⁷ Halle (Hal).

²⁴⁸ Brüssel [Bruxelas, N.T.].

²⁴⁹ Löwen [Lovaina, N.T.].

²⁵⁰ Diest e Maastricht.

²⁵¹ Aachen [Aquisgrán].

²⁵² Sobre Aquisgrán como centro de peregrinaxe cfr., como visión de conxunto, Wynands, *Geschichte der Wallfahrten im Bistum Aachen*, pp. 41-106 e Herbers, *Stadt und Pilger*, p. 219 ss. (con máis bibliografía).

²⁵³ *mergenknecht* designa á orde dos Servitas, pl. *servi beatae Mariae*; cfr. a introducción. Así explícase tamén a posición tan destacada de María nos versos finais.

²⁵⁴ Sobre esta datación no 26 de xullo, que, curiosamente, non menciona a festa de Santiago do día anterior, cfr. Herbers, “Erster Pilgerführer”, p. 45 s.

Índice toponímico e onomástico

Para favorecer un mellor aproveitamento do índice achéganse as seguintes indicacións.

Os antropónimos e topónimos postos en cursiva están tomados do facsímile anexo. Naqueles casos en que se empregou o topónimo galego, o nome, na lingua do seu territorio propio, vai posto en primeiro lugar, entre parénteses.

Tódalas variantes do facsímile son presentadas separadas por barras.

Tódolos nomes de persoa figuran no índice, sen excepción, ordenados de acordo co principio medievalístico, primeiramente segundo o nome propio e despois segundo o patronímico.

Os conceptos Jacobus, Santiago (maior), Santiago de Compostela e Compostela non son repertoriados por mor da súa frecuencia.

Agostiños, orde 50, 56, 59
Aigas Mortas (Aigues Mortes - *aquas mortis*) 51
Aix-les-Bains (*Ax*) 47
Aibon (*Arbene / Arbon*) 47
Alemaña 11, 19, 20
Afonso X de Castela 57
Allefrancken 52 (v. Castelnudary)
Alsacia 64
Amboise (*Amboß*) 66
Amiens (*Annon / Hamyenß*) 18, 67
Ana, Santa 10, 17, 20, 46, 68
Andrew Boorde 53
Antonianos, orde 19, 48, 53, 57, 60, 61
Aquisgrán (Aachen - *Ach*) 17, 18, 63, 68
Aragón 56
Arga, río 57, 64

Arlanzón 59
Armanhac (Armagnac - *Armeriackenland*) 18, 54
Armeto 52
Arnold von Harff 9, 57
Arrás (*Harraß / Tribatum*) 18, 67
Arthez (*Arteß*) 54
Astorga (*Storgeß*) 7, 18, 19
Astrain 57
Aubiet (*Obiel*) 53
Auch (*Aust*) 53
Aviñon-Lauragués (Avignonet-Lauragais) 52
Baiona (Bayonne - *Byon*) 18, 64, 65
Baixa Navarra 55
Bamberg 12
Banhous de Cese (Bagnols-sur-Cèze - *Balneolis*) 49
Barrán 53
Basilea (Basel) 12
Beauvais 67
Becerreá 63
Belorado (*Dolorosa*) 59
Bergen (Mons) 67
Berna (Bern) 45
Bernabeu, apóstolo 53
Bernardo, monxe 9
Besières (Béziers - *Bysere*) 51
Blaye (*Ble*) 65
Blois (*Blese*) 66
Bordelés (*Bardewesch*) 65
Braine-le-Comte (*Brenlekont*) 68
Brünig, paso 45
Brunswyck (Braunschweig) 13
Bruxas (Brügge - Bruges) 9
Bruxelas (Brüssel - *Prüsszel*) 68
Burdeos (Bordeaux - *Bardeweß*) 18, 19, 65
Burgas de Ourense 63
Burgos (*Burges / Burgeß*) 18, 19, 60, 64
Cabaleiros teutónicos 67
Cacabelos (*Kacafeloß*) 62
Canal du Midi 51, 52
Capestanh (Capestang / Étang de Capestang - *Caput stangnum*) 51
Capezac (*Cabasaccum*) 52

Carcassona (Carcassonne - *Gargazon*) 52
Carlo Magno (Carlomagno) 56, 65
Carlos VIII de Francia 66
Carlos de Viana 55
Carrión de los Condes (*Garrion*) 60
Castanet - Tolosan (*Castaneto*) 51, 52
Castelnou (Châteauneuf-du-Rhône - *Castel de ratis / Castelnoue*) 49
Castela 57, 60
Castrojeriz (*Fritz, Quatre souris*) 60
Cea, río 61
Cebreiro (*Allefaber*), paso 62
Chambéry (*Schamereye*) 47
Châtellerault (*Schattellareye*) 66
Ciza Menor 57
Conques 19
Coppet (*Küpp*) 46
Curueño, río 61
Dax (*Ax*) 65
Diest (*Ditsch*) 68
Domenico Laffi 56, 57, 59
Dona Mayor de Navarra 57
Donzera (Donzère - *Dusera*) 49
Douai (*Thobaie*) 67
Droma (Drôme), río 49
Einsiedeln (*Eynsideln*) 18, 44, 48, 55
Eltville 12
Erhard Etzlaub 10
Escadas, As (Les Échelles - *Leytern*) 47
Esla, río 61
España (*Hispanien*) 18, 19, 57, 60
Espira (*Speyer*) 12
Estella 57
Estrasburgo (*Straßburg*) 11, 12, 13, 14, 15, 18, 47, 48, 58, 64
Étampes (*Stampoß*) 66
Eutropio (*vdrope*), santo 65
Exeria 9
Frabrègues 51
Fasesio / Fascsio 52
Fécamp 67
Filipe, apóstolo 53
Francia 19, 48, 56, 66
Frómista 60
Friburgo (*Fryburg*) (Uechtland) 45, 46
Fulda 11

Gardon, río (Gard) 50
Garona (Garonne), río 53, 65
Gascoña 46
Gastón IV de Foix-Béarn 55
Gave de Auloron (d'Oloron), río 55
Gave de Mauléon, río 55
Gigean (*Gyzanum*) 51
Gimont (*Gemonte*) 53
Grañón (*Graneon*) 59
Gregorio Magno, papa 45
Guiena 46
Halle (Hal - *Hall*) 68
Heidelberg 12
Hennegau (Hainaut - *Henegaw*) 67
Hessen 12
Homps (*Ulmis*) 52
Ibañeta 56
Isère, río 47
Jakob Frölich 14
Jobst Gutknecht 13, 14, 15, 45, 47, 48, 49, 58
L'Albenc 47
L'Isle-de-Noé (*Insula*) 53
L'Isle-Jourdain (*Insula Jordanis*) 53
Landas (Landes) 18, 65
Lapalud (*Pallude*) 49
Larceveau 55
Larrasoaña 56
Lauriou (Loriot-sur-Drôme - *Aureoli*) 49
Lausana (Lausanne - *Losan*) 17, 22
Le Fresquel, regato 52
Le Pin (*Bynum*) 50
León (*Leon*) 61
Leonor de Viana 55
Lipsia (Leipzig) 14
Libron (Livron-sur-Drôme - *Liberon*) 49
Lo Mont de Marsan (Mont-de-Marsan - *Monte sancta maria*) 65
Logroño (*Lagrona*) 57
Loira (Loire), río 66
Lorena 19, 66
Los Arcos (*Arcus*) 57
Loupian (*Lupianum*) 51
Lovaina (Löwen - *Lofen*) 68
Lucerna (*Lucern*) 15, 17, 44, 45
Lugo (*Lucas*) 63

Luís IX de Francia 51
Luís XI de Francia 46
Lussignan (*Allesion*) 66
Maastricht (*Tricht*) 68
Malta, orde de 54
Mansilla de las Mulas (*Mansilo*) 61
Manzanal, paso 62
Marciac (*Marsiack*) 54
María, Virxe 11, 20, 43, 44, 46, 56, 63, 68
María Madalena, Santa 56
Mariantal 12
Marseillette (Marsilia) 52
Martin Landsberg 14
Martin Schürer 14
Matthias Hüpfuff (ou Hupfuff) 11, 12, 13, 14
Maubourguet (*Mamergeto*) 54
Melide 63
Metz 64, 66
Miño, río 63
Moirans 47
Monte do Gozo (*Mons Gaudii*) 63
Montelaimar (Montélimar - *Monteloiki / Montelorum*) 49
Montes de Oca 59
Montesquiou (*Montes gibo*) 54
Montgiscard (*Monteseart / Montescart*) 53
Monthéry (*Herym*) 67
Montpelher (*Montpellier - Mompelyr*) 18, 19, 51
Morges (*Morsel*) 46
Morlaas (*Morlaiß*) 54
Moudon (*Merdon*) 46
Nájera (*Názera*) 58
Napoleón 56
Navarra (*Nafern*) 55, 56, 57, 58
Navarrete (*Nazareto*) 58
Nicolás de Itero 60
Nimes (Nîmes - *Nymaß*) 50, 51
Nogent-sur-Oise 67
Nompar de Caumont 9, 58
Nosa Señora v. María, Virxe
Nouillan 54
Nyon (*Nefaß*) 46
Nuremberg (Nürnberg) 13, 14, 15, 58
Oise, río 67
Olite 57

Orb, río 51
Orléans (*Orliens*) 66
Ortès (Orthez - *Ortesium*) 18, 54
Ostabat 56
Ostreich / Österreich 66
Ourense 63
Oviedo (*Ovedo*) 62, 63
Pamplona (*Pepelonia* / *Pompelonia*) 19, 20, 56, 64
París (*Paryß*) 18, 67
Pau 54
Pedrafita 63
Peter de Fryburg 47
Pierlata (Pierrelate - *Petrasata* / *Petralata*) 49
Pilatus (*fractus mons, monte fracte*) 15, 17, 45
Pireneos 18, 19, 55, 56, 64
Pisuerga, río 60
Población de Campos 60
Poitiers (*Butyrß*) 66
Ponferrada (*Bonforat*) 62
Pons (*Ponß*) 65
Ponte da Raiña (Puente la Reina - *Pons Reginae* / *Ponteregina*) 56, 57
Pont Sant Esperit (Pont-St.-Esprit - *Sanct Spiritus*) 49
Porto de Santo Adrián (Pfortenberg - *Porten berge* / *Pfortenberk*) 64
Portugal 57
Pseudo-Turpín 65
Pujaudran 53
Rabanal (*Rabanel*), paso 62
Redecilla del Camino 59
Rioxa (Rioja) 58
Ródano (Rhône), río 20, 46, 48
Rolle (*Roll*) 46
Roma 10, 45, 63
Romans-sur-Isère (*Román* / *Romannis* / *Romanus*) 48
Romont (*Reymond*) 46
Roncesvalles (*Rontzefal*) 18, 54, 56
Royaumont 67
Rumilly (*Remiliacus*) 47
Ryngeler 48
Ruswil 45
Sahagún (*Saguna*) 61
Saint-Marcellin (*San Marcellyn*) 48
Saintes (*Sentes*) 65
Santo Adrián 64

Santo Antón (*Sant tongues / San Thonges / San Thongues*) 19, 47, 53, 60, 61
San Bieito 67
San Domingos da Calzada (Santo Domingo de la Calzada - *Dominicus*) 17, 19, 58
San Gregorio 45
San Juan de Ortega 59
San Marcos (de León) 61
San Martiño de Astorga 50
San Martiño de Tours 17, 66
San Nicolás 61
San Nicolás de Itero 60
San Nicolás del Camino 61
San *Niclaß*, paso 64
San Pedro 63
San Salvador (de Oviedo) (*Saluator*) 62
San Xoán (*Hennikynß*) 60
San Zoilo 61
Sancho III de Navarra 57
Santa Ana v. Ana
Santa Marina (*San Maurin*) 62
Santiago (menor), apóstolo, 53
Sauvatterra (Sauveterre - *salua terra*) 55
Sava, río (Save) 53
Savoia 19, 46, 48
Sebald Örtel 9
Sebalf Rieter 9
Servitas (*servi beatae Mariae*), orde 11, 68
Sixto, papa 60
Simón, apóstolo 53
Soignies (Zinnik - *Sone*) 67
Somport, porto 56
St.-Antoine-en-Viennois (*San Anthonio*) 18, 19, 48
St.-Denis (*San dionysius*) 67
St.-Jean-de-Vedas 51
St.-Jean-Pied-de-Port (*San Johans stat*) 55
St.-Michel-le-Vieux 56
St.-Nazaire 49
St.-Nicolas-de-Port 64
St.-Palais (*San Blasio*) 55
St.-Thibéry (*Tyberium*) 51
Stade 10
Ste.-Catherine-de-Fierbois (*Santa Katheryn*) 66
Ste.-Brigide 67
Ste.-Maure 67
Suíza 15, 19, 45

Terra Santa 59
Terradillos de los Templarios 61
Tíber 60
Tolosa (Toulouse - *Doloß*) 17, 18, 19, 51, 52, 55, 58
Torio, río 61
Tours (*Thorß* / *Touron*) 17, 66
Trèbes (*Trebiß*) 52
Tresques (prob. *Tresis*) 49
Tréveris (Trier) 12
Uechteland (Uechtland) 46
Urbán V 47
Usès (Uzès - *Lucetia*) 50
Vacha 11
Valcarlos 56
Valdefuentes 59
Valderaduey, río 61
Valença (Valence - *Fallentz*) 49
Valenciennes 17, 67
Vallabrix (*Valle brutunt* / *Vallebrutum*) 50
Versoix (*Wasse*) 46
Viana (*Vianna*) 57
Vilafranca do Bierzo (*Willefrancken*) 62
Villafranca de Montes de Oca (*Vylfrancken*) 59
Villepinte (*Villa pinta*) 52
Villefranche-de-Lauragais 52
Vinay (*Fynit*) 48
Voiron (*Feroms* / *feronis* / *Meretin*) 47
Werra, río 11
Werthenstein 45
Westreich (*imperio occidental* - *Westerich*) 66
Widersdorf (*Widerßdorff*) 64, 66
Würzburg 12
Xenebra (Genève / Genf - *Genff* / *Senefaß*) 46
Xerusalén 10, 63
Xohana de Orleáns 66
Xudas, apóstolo 53

Bibliografía

1. Edicións dos séculos XV e XVI

Cfr. introducción

Facsímile da guía de Hermannus Künig von Vach

Häbler, K., *Das Wallfahrtsbuch des Hermannus Künig von Vach und die Pilgerreisen der Deutschen nach Santiago de Compostela* (Estrasburgo, 1899).

Traducións do texto completo da guía sobre a base do facsímile de Häbler

Un guide du Pèlerin vers Saint-Jacques de Compostelle. Le Wallfahrtsbuch d'Hermann Künig (1945). Traduit en vers par L. Marquet (Verviers, 1989).

Hermann Künig von Vach, *The Pilgrimage and Path to Saint James*. Translated with an Introduction and notes by J. Durant, *The Confraternity of Saint James, Occasional Paper*. Nº. 3 (Londres, 1993), en prosa.

Die walfart und Straß zu Sant Jacob, Künig von Vach. Journal du Pelerinage a St-Jacques-de-Compostelle (1495), traducido en prosa por U. Graf (Xenebra, sen ano [ca. 1994], publ. por Les Amis du Chemin de Saint-Jacques-Suisse).

Pascual, A.R. / Anguita Jaén, José María / Bravo Lozano, Millán, “Die Wallfahrt und strass zu sant Jacob de Hermann Künig von Vach” (Texto alemán e tradución castelá; primeira parte), en: *Jacobvs, Revista de estudios jacobeos y medievales*. Nº. 1 (Valladolid, 1996), pp. 57-79.

Non son mencionadas aquí impresións parciais da guía de peregrinos.

Nota previa

Este elenco bibliográfico abrangue principalmente as publicacións indicadas en forma abreviada no texto.

- Albert von Stade, *Annales Stadenses*, MGH SS XVI, ed. Georg Heinrich Pertz e o. (1859), pp. 335-341.
- Almazán, V. *La quête du pardon. Les traces en Alsace du pèlerinage de Saint-Jacques de Compostelle* (Estrasburgo, 1993).
- Arco, R. del, *Sepulcros de la Casa Real de Castilla* (Madrid, 1954).
- Audard, E., *Dictionnaire d'Histoire et Géographie Ecclésiastiques* 2 (1914 cc. 1047-1051).
- Borchling, C. / Claussen, B., *Niederdeutsche Bibliographie* (Neumünster, 1931-1936).
- Brandes, Walter, *Bibliographie der Niedersächsischen Frühdrucke bis zum Jahre 1600* (Baden-Baden, 1960).
- Braun, G. / Hohenberg, F., *Civitates orbis terrarum in aes incisa decriptione topographica, morali et polita illusstratae* (Colonia, 1618).
- Brincken, A. D. von den, *Kartographische Quellen. Welt-, See- und Regionalkarten* (Turnhout, 1988).
- Carro, J. / Campos, E. / Fernández Ojea, J.R., *Terra de Melide* (Santiago de Compostela, 1933).
- Copinger, W.A., *Supplement to Hain's repertorium Bibliographicum* (Londres, 1895-1902).
- Coste-Messelière, R. de la, *Sur les chemins de Saint-Jacques* (Dôle, 1993).
- Cuadrado, M., "Plan", en: *Santiago de Compostela, 1000 Ans de Pèlerinage Européen* (Gante, 1985), p. 263, n° 90.
- "Chemins de Saint-Jacques en terre fribourgeoise", de M. Boschung, J.-P. Dewarrat, E. Egloff, G. Pfulg, *Repères fribourgeoises* 4 (1993).
- Dewarrat, J.P., *Les chemins de Saint-Jacques en terre fribourgeoise* (Friburgo / Uechtland, 1993).
- Duchesne, L., *Fastes épiscopaux de l'ancienne Gaule*. 3 tomos (Paris, 1907 / 15)
- Durliat, M., "Pèlerinages et architecture romana", *Les dossiers de l'archéologie* 20 (1977), pp. 22-35.
- Ertzdorff, X. von / Neukirch, D. (ed.), *Reisen und Reiseliteratur in Mittelalter und in der frühen Neuzeit*, Vorträge eines interdisziplinären Symposiums vom 3.-8. Juni 1991 an der Justus-Liebig-Universität Giessen (Giessen, 1992).
- Funke, F., *Buchkunde* (Leipzig, 1963).
- Gaiffier, B. de, "Les sources de la passion de St. Eutrope de Saintes dans le Liber Sancti Jacobi", *Analecta Bollandiana* 69 (1951), pp. 57-66.
- Ganz-Blättler, U., "Andacht und Abenteuer. Berichte europäischer Jerusalem- und Santiago Pilger (1320-1520)", *Jacobus-Studien* 4 (Tubinga, 1991).

Ganz-Blätler, U., “DAß DIE STRASSEN ERBESSERT SIGEN, OUCH DIE HERBERGEN BEREIT... Pilgerwegforschung am Beispiel Luzern”, en: *Der Jakobskult in Süddeutschland. Kultgeschichte in regionaler und europäischer Perspektive*, ed. K. Herbers e D. R. Bauer, *Jakobus-Studien* 7 (1995), pp. 91-114.

Göttler, W., *Santiagopilger Hermann König von Vach in Luzern* (Lucerna, 1994), Ms. mecanogr.

Graf, B., “Oberdeutsche Jakobsliteratur. Eine Studie über den Jakobskult in Bayern, Österreich und Südtirol”, *Kulturgeschichtliche Forschungen* 14 (Múnic, 1990).

Graesse, Th. (ed.), *Jacobus de Voragine, Legenda aurea* (1890, reimpr. Osnabrück, 1965).

Grimm, J. e W., *Deutsches Wörterbuch*, 33 tomos. Reimpresión fotomecánica da edición príncipe de 1845 (Múnic, 1984).

Hamy, E. T., *Le livre de la description des pays de Gille le Bouvier, dit Berry, suivi de l'itinéraire Brugeois...* (París, 1908).

Hard, G., “Is leigen fünff Berg in Welschen Landt, Eine Topographie der Pilgerwege von Deutschland nach Santiago in Spanien aus dem 15. Jahrhundert”, *Erdkunde* 19 (1965), pp. 314-332.

Hassauer, F., “Volkssprachliche Reiseliteratur. Faszination des Reisens und räumlicher Ordo”, en: *La littérature historiographique des origines á 1500*, ed. U. Gunbrecht / H. R. Jauss / E. Köhler / U. Mölk I (Heidelberg, 1986), pp. 215-239.

Hassauer, F., *Santiago. Schrift. Körper, Raum, Reise. Eine medienhistorische Rekonstruktion* (Múnic, 1993).

Haupt, H., “Montjoie - letzte Station französischer Pilger zur Aachener Hiligtumsfahrt”, *Eremit am Hohen Venn* 23 (1951), pp. 63 s.

Heit, A., “Itinerar”, en: *Lexikon des Mittelalters* V (1991), c. 772-775.

Herbers, K., “Pilgerführer”, en: *Lexikon des Mittelalters* VI, c. 2156.

Herbers, K., “Deutschland und der Kult des hl. Jakobus”, en: Bottineau, *Der Weg der Jakobspilger* (Bergisch-Gladbach, 1987), pp. 252-273.

Herbers, K., “Der erste deutsche Pilgerführer. Hermann König von Vach”, en: *Deutsche Jakobspilger und ihre Berichte*, ed. id., *Jakobus-Studien* 1 (Tubinga, 1988), pp. 29-49.

Herbers, K., “The Miracles of St. James, en: The Codex Calixtinus and the Shrine of St. James”, ed. J. Williams e A. Stones, *Jakobus-Studien* 4 (Tubinga, 1992), pp. 11-35.

Herbers, K., “Wer das elend bauwen will”, en: *Santiago, Camino de Europa, Culto y cultura en la peregrinación a Compostela* (Santiago de Compostela, 1993), pp. 476 s., nº. 157.

Herbers, K., “Deutsche Pilgerfahrten nach Santiago de Compostela und Spuren des Jakobskultes in Deutschland”, en: *Santiago de Compostela. Pilgerwege*, ed. P. Caucci von Saucken (Augsburgo, 1993), pp. 297-332.

- Herbers, K., "Peregrinos, escritores y otros propagadores del culto jacobeo en Alemania", en: *Santiago, Camino de Europa* (Santiago de Compostela, 1993), pp. 121-139.
- Herbers, K., "Stadt und Pilger", en: *Stadt und Kirche*, hg. von F.-H. Hye (*Beiträge zur Geschichte der Städte Mitteleuropas*, Schriftenreihe des Österreichischen Arbeitskreises für Stadtgeschichtsforschung 12 (Linz/D., 1995), pp. 199-238.
- Herbers, K., *Der Jakobsweg. Mit einem mittelalterlichen Pilgerführer unterwegs nach Santiago de Compostela* (Tubinga, 5^a ed., 1995).
- Herbers, K. / Plötz, R., *Nach Santiago zogen sie. Berichte von Pilgerfahrten ans "Ende der Welt"*, dtv dokumente (München, 1996).
- Historia Compostellana*, ed. Falque Rey, Emma, Corpus Christianorum, Continuatio Medievals 70 (Brepols, 1988).
- Honemann, V., "Arnold von Harff", en: *Verfasserlexikon* 1 (1978), c. 471 s.
- Honemann, V., "Helmich", en: *Verfasserlexikon* 3 (1981), pp. 975 s.
- Honemann, V., "Hermann König von Vach", en: *Verfasserlexikon* 3 (1984), c. 437 s.
- Itineraria et alia Geographica*, Corpus Christianorum 175 (Turnhout, 1965).
- Itinerarium Bernardi monachi Franci*, ed. Tobler e A. Moliner, Itineraria Hierosolymitana et descriptiones Terrae Sanctae (Xenebra, 1879).
- Köster, K., *Pilgerzeichen und Pilgermuscheln von mittelalterlichen Santiagostraßen* (Neumünster, 1983).
- Krüger, H., "Kartographische Zeugnisse für den Wallfahrtsort Widersdorf-Vergaville", *Zeitschrift für Geschichte des Oberrheins* 98 (1950), pp. 421-442.
- Krüger, H., "Das Satder Itinerar des Abtes Albert aus der Zeit um 1250", *Stader Jahrbuch* (1956), pp. 71-124, (1957), pp. 87-136, (1958), pp. 39-76 = *Stader Archiv - N. F. cad.* 46-48, (Stade, 1956-58).
- Kupčik, I., "Karten der Pilgerstraßen im Bereich der heutigen Schweiz und des angrenzenden Auslandes vom 13. bis zum 16. Jahrhundert", *Cartographica helvetica* 6 (1992), pp. 17-31.
- Küther, W., "Vacha und sein Servitenkloster im Mittelalter", *Mitteldeutsche Forschungen* 64 (Colonia-Viena, 1971), pp. 148-153.
- Laffi, D., *Viaggio in Ponente a San Giacomo di Galitia e Finisterrae*, ed. a. Sulai Capponi (Perugia, 1989).
- Lettres communes* 3, ed. M. Hayez e A.M. Hayez, Bibliothèque de l'École Française de Rome 3, V bis, 3 (Roma, 1974).
- Liber Pontificalis*, t. I., ed. L. Duchesne (Paris, ²1955).
- Los Caminos de Santiago y el territorio*, ed. M.^a P. de Torres Luna, A. Pérez Alberti e R. C. Lois González, 3 tomos (Santiago de Compostela, 1993).
- Mieck, I., "Les témoignages oculaires du pèlerinage à Saint-Jacques de Compostelle. Étude bibliographique (du XII^e au XVII^e siècle)", *Compostellanum* 22 (1977), pp. 3-32.

- Mischlewski, A., "Grundzüge der Geschichte des Antoniterordens bis zum Ausgang des 15. Jahrhunderts", *Bonner Beiträge zur Kirchengeschichte* 8 (Colonia - Viena, 1976).
- Muller, J., *Bibliographie Strasbourgeoise* II (Baden-Baden, 1985), pp. 55-70.
- Niermeyer, J.F., *Mediae latinitatis lexicon minus* (Leiden, 1976).
- Nompar de Caumont, "Voiatge de Nopar Seigneur de Caumont a Saint Jaques en Compostelle et a Notre Dame de Finibus Terre", en: Vielliard, J. (ed.), *Le guide du pèlerin de Saint-Jacques de Compostelle* (Mâcon, 1939, 5^a ed., 1981), pp. 132-140.
- Otero Pedrayo, R., *Guía de Galicia* (Vigo, 4^a ed., 1965).
- Paulus, N., *Geschichte des Ablasses im Mittelalter vom Ursprunge bis zur Mitte des 14. Jahrhunderts*, 3 tomos (Paderborn, 1921-1923).
- Plötz, R., "Imago Beati jacobī, Beiträge zur Ikonographie des hl. Jakobus Maior im Hochmittelalter", en: *Wallfahrt kennt keine Grenzen*, tomo temático, ed. L. Kriss-Rettenbeck e G. Möhler (Múnic-Zúric, 1984), pp. 248-264.
- Plötz, R., "Traditiones hispanicae beati Jacobi, Les origines du culte de Saint-Jacques à Compostelle", en: *Santiago de Compostela, 1000 Ans de Pèlerinage Européen* (Gante, 1985), pp. 27-39.
- Plötz, R., "Mons et crypta S. Adriani", en: *Santiago de Compostela 1000 Ans de Pèlerinage Européen* (Gante, 1985), p. 280, n^o. 142.
- Plötz, R., "der hunlr hinder dem altar saltu nicht vergessen. Zur Motivgeschichte eines Flügelaltars der Kempener Propsteikirche", en: *Epitaph für Gregor Hövelmann, Beiträge zur Geschichte des Niederrheins*, ed. St. Frankewitz (Geldern, 1987), pp. 119-170.
- Plötz, R. (ed.), "Europäische Wege der Santiago-Pilgerfahrt", *Jakobus-Studien* 2 (Tubinga, 1993).
- Plötz, R., "Iter peregrinorum ad limina Beati Iacobi (Provincia de Palencia)", en: *Enciclopedia del románico de la provincia de Palencia, Aguilar de Campoo* (no prelo).
- Rapp, F., "Neue Formen der Spiritualität im Spätmittelalter", en: *Spiritualität des Pilgers. Kontinuität und Wandel*, ed. K. Herbers und R. Plötz, *Jakobus-Studien* 5 (Tubinga, 1993), pp. 39-58.
- Richard, J., *Les récits de voyages et de pèlerinages, Typologie des sources du Moyen Âge occidental* 38 (Turnhout, 1981).
- Ruiz de la Peña Solar, J.I. et alia, *Las peregrinaciones a San Salvador de Oviedo en la Edad Media* (Oviedo, 1990).
- Salzgeber, J., *Einsiedeln, Hervetia sacra* III/1, ed. E. Gilomen-Schenkel (Berna, 1986), pp. 517-594.
- Scheller, K.F.A., *Bücherkunde der Sassisch-Niederdeutschen Sprache* (Braunschweig, 1826).
- Schmugge, L., "Die Anfänge des organisierten Pilgerverkehrs im Mittelalter", *Quellen und Forschungen aus italienischen Archiven und Bibliotheken* 64 (1984), pp. 1-83.

Schmugge, L., “Kollektive und individuelle Motivstrukturen im mittelalterlichen Pilgerwesen”, en: *Migration in der Feudalgesellschaft*, ed. G. Jaritz e A. Müller (Frankfurt - Nova York, 1988), pp. 263-290.

Schröter, F. von et alia (ed.), *Wörterbuch der Münzkunde* (Berlin-Leipzig, 1930).

Sedlmayer, H., “Saint-Martin de Tours im elfter Jahrhundert”, *Bayerische Akademie der Wissenschaften, phil.-hist. Kl., Neue Folge*, cad. 69 (Múnic, 1970).

Stolz, M., *Memoria de licenciatura na universidade de Berna* (Berna, 1987), manusc. mecanogr. (accesible en Berna).

Stopani, R., *Le vie di pellegrinaggio del Medioevo. Gli itinerari per Roma, Gerusalemme, Compostella*. Con una Antologia di Fonti, *Le vie della storia* (Florenca, 1991).

Thurre, D., “Die ‘Pilgerstraßen’ in der romanischen Schweiz während des Mittelalters”, en: *Der Jakobskult in Süddeutschland*, ed. K. Herbers e D. R. Bauer, *Jakobus-Studien* 7 (1995), pp. 371-376.

Tremp-Utz, K., “Eine spätmittelalterliche Jakobsbruderschaft in Bern”, *Zeitschrift für schweizerische Kirchengeschichte* 77 (1983), pp. 47-93.

Valentini, R. / Zucchetti, G., *Cod. topografico della città di Roma* 3 (Fonti per la Storia d’Italia 90, Roma, 1946).

Vázquez de Parga, L. / Lacarra, J.M. / Uría Rúa, J., *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, 3 tomos (Madrid, 1948-49).

Verdenhalven, F., *Alte Maße, Münzen und Gewichte aus dem deutschen Sprachgebiet* (1968).

Voulliéme, E., *Die Inkunabeln der königlichen Bibliothek und der anderen Berliner Sammlungen* (Leipzig, 1906).

Weber, P.X., *Der Pilatus und seine Geschichte* (Lucerna, 1913).

Williams, J., “La arquitectura del camino de Compostela”, *Compostellanum* 29 (1984), pp. 267-290.

Whitehill, W.M. (ed.), *Liber sancti Jacobi. Codex Calixtinus*, 3 tomos (Santiago de Compostela, 1944). (As citas sen outra indicación refírense unicamente ó primeiro tomo).

Wynands, D.P.J., “Geschichte der Wallfahrten im Bistum Aachen”, *Veröffentlichungen des Bischöflichen Diözesanarchivs Aachen* 41 (Aquisgrán, 1986).

A peregrinaxe e o camiño de Santiago, de Hermann König, tivo unha singular repercusión en Alemaña, como acreditan as numerosas edicións que se fixeron das súas follas.

Ich Hermannus König von Dach
Gottes hulff wil mach
Eyn Kleyne buchlein
Das sul sint Jacobs straf genant syn
Sar jime ich wil leren wege vnd stege
Vnd wie synet eyn iglicher iacobos bruder sal p flege
Die trincken vnd auch nit essen
Auch wil ich dar jime nicht vergessen
Wändt der bößheit die die lappün triben

Ofrécese aquí o texto e versión da primeira edición, de 1495, con anotacións e comentarios dos profesores K. Herbers e R. Plötz.

A PEREGRINAXE E O CAMIÑO A SANTIAGO